

Barómetro da cultura galega I. Xullo de 2020

DOI:10.17075/bcg.01.2020

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 está a ter un impacto moi importante no ámbito cultural, máis grave que no conxunto das actividades económicas de Galicia. Nos últimos meses, o Consello da Cultura Galega publicou varios documentos de traballo nos que se demostra a especial vulnerabilidade da cultura. No ámbito da edición¹, as consecuencias foron moi negativas pola caída no consumo, que ameaza a moitas empresas e autónomos a un peche definitivo. En canto á música² (e ás artes escénicas en xeral), as medidas de prevención e distanciamento social e limitación de cabida están a ter unhas consecuencias especialmente lesivas. En relación coa situación destes dous grandes sectores, os datos estatísticos³ indican que a creación de empresas culturais sufriu unha baixada moi importante nos últimos meses e que o comercio exterior se reduciu dunha maneira máis clara na cultura ca no resto de actividades. Así mesmo, os datos da Seguridade Social e dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) indican unha

¹ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-do-libro-galego-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf

² http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-da-musica-popular-en-Galicia-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf

³ http://www.consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Xuno-de-2020.pdf

.....

situación máis difícil para a cultura que para o conxunto do mercado laboral. De feito, na contabilidade trimestral de Galicia, as actividades artísticas e recreativas (que inclúen actividades de creación e espectáculos) sofren unha caída do 10% no primeiro trimestre de 2020, a segunda máis importante do conxunto da economía galega, só por detrás do comercio, transporte e hostalaría (-11,4%).

Ante esta situación de incerteza da evolución do sector cultural, Consello da Cultura Galega decidiu explorar a situación das culturais galegas. A decisión de enfocar o traballo neste colectivo xustifícase pola grande importancia social, cultural e económica que Segundo a Conta Satélite da Cultura do Instituto Galego de achega ao Valor Engadido Bruto (VEB) das fases privadas (as que non forman parte da actividade das administracións públicas) é do 95,8% total. Así mesmo, dentro de toda a produción privada, no enfoque ramas características da cultura⁴, as actividades de mercado (das que non forman parte as institucións sen ánimo de lucro) conforman o 83,8% do total do VEB no último ano de referencia. Estes datos indican que a maior parte do VEB da cultura galega é xerado polas empresas culturais.

Para estudar o estado, evolución, necesidades e perspectivas das empresas culturais galegas decidiuse facer unha enquisa a unha mostra representativa destas. Concretamente, extraeuse a partir do Sistema de Análise de Balances Ibéricos unha listaxe de todas as empresas culturais radicadas en Galicia, atendendo á delimitación do sector que habitualmente emprega o Observatorio da Cultura Galega, con actividade e con información das contas presentadas no Rexistro Mercantil en 2018. A partir de aí, fíxose unha selección mostral atendendo a dous criterios principais: grupo de actividade e tamaño en virtude da facturación. O grupo de actividade segue a mesma categorización que as actividades consideradas culturais na súa totalidade dentro da Conta Satélite da Cultura, con algunha modificación, e identifícase pola súa epígrafe na clasificación CNAE 2009.

⁴ https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise_Sector_Cultural.pdf

.....

Sobre un universo de 1318 empresas, deseñouse unha mostra de 300, que abarcan catro grupos principais segundo a actividade empresarial:

- 1) Libros e prensa (artes gráficas e actividades de impresión, edición e creación literaria e comercio de libros e prensa).
- 2) Artes visuais (publicidade, deseño, fotografía e creación artística).
- 3) Artes escénicas (artes escénicas e actividades auxiliares da música, o teatro etc. así como xestión de salas de espectáculos e fabricación de instrumentos musicais. Neste agregado tamén se inclúen as poucas empresas pertencentes ao que o IGE chama “Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas”, que no caso do universo que nos atén estaba constituída por un pequeno grupo de empresas que ofrecen servizos a bibliotecas, arquivos, museos etc. e que non tiñan un número suficiente para poder illalas nunha categoría máis).
- 4) Audiovisual e multimedia (actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión e comercio de produtos audiovisuais).

A metodoloxía do estudo consistiu na aplicación dunha enquisa telefónica asistida por ordenador (sistema CATI), se ben se accedeu a enviar o cuestionario por correo electrónico ás empresas que así o solicitaron. Esta posibilidade foi a que permitiu que o estudo se pechase con participación de tres empresas máis que as previstas polo deseño mostral. Finalmente realizáronse 303 entrevistas entre o 2 e o 13 de xullo de 2020.

A rápida evolución da crise sanitaria e as accións que emprenden as distintas administracións fan aconsellable que se realice unha cala periódica que dea conta da evolución e se estableza esa periodicidade en 6 meses, o que permitirá unha análise comparativa das distintas variables analizadas para poder observar a evolución e o ritmo de recuperación das empresas tras esta crise. Para facilitar esa comparación, realizouse unha estrutura de panel completando a información con novos casos para aquelas unidades que cesen actividade, non estean localizables ou non contesten ao cuestionario nas sucesivas ondas.

.....

Para o deseño da investigación solicitouse a colaboración dalgúns dos principais representantes dos distintos sectores que conforman a cultura galega. Así, pediuse o asesoramento, entre outros, do Clúster Audiovisual Galego, da Academia Galega de Teatro, da Asociación de Editoras Galegas, da Asociación Galega de Empresas Musicais, ademais dalgúns outros expertos. Tamén se constituíu unha comisión temporal para a análise do impacto da crise da COVID-19 na cultura constituída por membros do Consello da Cultura Galega xunto con Alberte Meijide Vecino e Diana Fernández Méndez, da Universidade de Santiago de Compostela, e Jorge Eiras Barca, da Universidade de Vigo. O traballo de campo correu a cargo da empresa Quadernas Consultoría S.L.

O presente documento de traballo ofrece información sobre a situación actual das empresas, o emprego do teletraballo, as medidas adoptadas para afrontar a crise, o impacto da COVID-19 e, por último, a evolución prevista para o ámbito cultural nos próximos meses.

Despois desta breve introdución, no apartado segundo, abórdase a situación das empresas do sector cultural galego durante o estado de alarma, atendendo á situación en que se atopaba cada tipo de empresa respecto das restricións de actividade e, no caso das que podían mantela, ata que punto se viu esta afectada.

O apartado terceiro presta atención á situación actual das empresas, superado o estado de alarma. Atenderase ao “graio de normalidade” da actividade das empresas (aínda pechadas, abertas pero cunha actividade limitada, abertas e con actividade normal), á porcentaxe do cadro de persoal que está xa en activo, á porcentaxe dos que se atopan en situación de teletraballo e, ao fío desta medida, á valoración que merece o traballo dende o fogar por parte das empresas que o implementaron. Observaranse tamén as medidas adoptadas para afrontar os desafíos da pandemia, cunha especial atención aos expedientes de regulación temporal de emprego, recollendo información non só sobre a porcentaxe de empresas que botaron man deles senón tamén do tipo de ERTE máis utilizado ou a porcentaxe dos cadros de persoal aos que afectou.

O cuarto apartado analiza o grao de afectación da facturación ata o momento do estudo e a prevista para o conxunto do ano. Tamén se observa que tipo de problemas están afrontando as empresas, atendendo principalmente a cuestións relacionadas co funcionamento cotiá dos negocios. Neste apartado analízase tamén unha serie de variables relacionadas co emprego, recollendo información tanto sobre despedimentos xa realizados como sobre futuras reducións do cadro de persoal. Outro aspecto tratado neste apartado é o relacionado con posibles investimentos previstos antes da pandemia e que, a causa desta, puideron ser aprazados ou mesmo desbotados. Pecha este apartado a valoración das medidas adoptadas a prol do eido empresarial polos distintos niveis da Administración (estatal, autonómica e local).

O último apartado indaga nas perspectivas de futuro a curto e medio prazo das empresas enquisadas, analizando cantas delas albiscan a posibilidade de pechar nos próximos meses. Tamén se pregunta por cantas abordan o futuro inmediato confiando na recuperación, como cren que esta crise afectará á percepción da sociedade respecto das empresas da cultura galega, que medidas cren que terían un impacto positivo ou que oportunidades poden vin aparelladas a esta crise de cara ao futuro.

Situación das empresas culturais durante o estado de alarma

O 43,9% das empresas da cultura galega puideron manter a súa actividade ao longo de todo o confinamento e o 7,6% puido facelo excepto nas datas do “confinamento reforzado” (30 de marzo ao 8 de abril de 2020). Deste xeito, a teor do Real Decreto 463/2020 non puideron estar activas o 48,5% das empresas culturais.

Número de empresas que puideron manter a súa actividade empresarial durante o confinamento decretado polo estado de alarma pola COVID-19

| | Total | Porcentaxe |
|---------------------------------|-------|------------|
| Durante todo o confinamento | 133 | 43,9 |
| Salvo no confinamento reforzado | 23 | 7,6 |
| Non | 147 | 48,5 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Esta porcentaxe varía notablemente en función do sector de actividade. Así, as que se viron máis afectadas foron as dedicadas ás artes escénicas, das que tiveron que estar pechadas o 82,4%, porcentaxe que nos tres sectores restantes oscilou entre o 39,8% e o 44,4%.

Porcentaxe de empresas que puideron manter a súa actividade empresarial durante o confinamento decretado polo estado de alarma pola COVID-19 por sector de actividade

| Sector de actividade | Durante todo o confinamento | Salvo no confinamento reforzado | Non |
|--------------------------|-----------------------------|---------------------------------|------|
| Libros e prensa | 48,9 | 11,3 | 39,8 |
| Artes visuais | 51,9 | 3,7 | 44,4 |
| Artes escénicas | 13,7 | 3,9 | 82,4 |
| Audiovisual e multimedia | 50,0 | 7,9 | 42,1 |
| Total | 43,9 | 7,6 | 48,5 |

Fonte: Elaboración propia

Por outro lado, esa parálise temporal imposta polo decreto afectou en maior medida canto menor era o volume de facturación das empresas, pois a porcentaxe de empresas que non puideron abrir durante o confinamento pasa do 36,2% das que se sitúan por riba dos 500.000 euros ao 61,5% das que se sitúan por debaixo dos 50.000 €.

Porcentaxe de empresas que puideron manter a súa actividade empresarial durante o confinamento decretado polo estado de alarma pola COVID-19 por volume de facturación

| Volume de facturación | Durante todo o confinamento | Salvo no confinamento reforzado | Non |
|------------------------|-----------------------------|---------------------------------|------|
| Menos de 50.000 € | 32,3 | 6,2 | 61,5 |
| De 50.000 a 149.999 € | 44,2 | 4,7 | 51,2 |
| De 150.000 a 499.999 € | 45,7 | 9,6 | 44,7 |
| 500.000 € ou máis | 53,4 | 10,3 | 36,2 |
| Total | 43,9 | 7,6 | 48,5 |

Fonte: Elaboración propia

Pero non todas as empresas que, en función do establecido polo decreto, podían permanecer activas puideron seguir coa súa actividade de xeito normal, polo que moitas delas continuaron activas pero de forma parcial e outras optaron por cesar a súa

actividade durante este período. De feito, ao 48,5% que non puido seguir polas constricións do decreto poderíasele engadir o 5,3% das que non puideron continuar por causas técnicas ou produtivas, o que deu lugar a un 53,8% de empresas inactivas. Entre as que si permaneceron activas, só o 17,2% mantivo a actividade habitual. O 29% restante continuou en funcionamento pero dun xeito parcial.

Número de empresas que puideron continuar coa súa actividade económica durante o confinamento producido polo estado de alarma

| | Total | Porcentaxe |
|---|-------|------------|
| Mantivo a actividade habitual | 52 | 17,2 |
| Continuou coa actividade de forma parcial | 88 | 29,0 |
| Non, por causas técnicas ou produtivas | 16 | 5,3 |
| Non, porque non llelo permitía o decreto | 147 | 48,5 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Agregando as que non puideron estar activas polo decreto do estado de alarma coas que tiveron que parar por causas técnicas ou produtivas obsérvase un esquema moi similar ao xa comentado na variable anterior, de xeito que o sector máis prexudicado pola inactividade é o das artes escénicas (parou o 86,3% das empresas, mentres nos demais sectores as porcentaxes de cesamento de actividade situáronse entre o 46,6% e o 48,1%). As empresas vinculadas ás artes visuais e ao audiovisual e multimedia foron as que en maior medida puideron manter a súa actividade habitual, se ben incluso entre estas esa porcentaxe fica por debaixo do 30% (27,2% e 23,7%, respectivamente).

Porcentaxe de empresas que puideron continuar coa súa actividade económica durante o confinamento producido polo estado de alarma, por sector de actividade

| Sector de actividade | Mantivo a actividade habitual | Continuou coa actividade de forma parcial | Non, por causas técnicas ou produtivas | Non, porque non llelo permitía o decreto |
|--------------------------|-------------------------------|---|--|--|
| Libros e prensa | 13,5 | 39,8 | 6,8 | 39,8 |
| Artes visuais | 27,2 | 24,7 | 3,7 | 44,4 |
| Artes escénicas | 5,9 | 7,8 | 3,9 | 82,4 |
| Audiovisual e multimedia | 23,7 | 28,9 | 5,3 | 42,1 |
| Total | 17,2 | 29,0 | 5,3 | 48,5 |

Fonte: Elaboración propia

Do mesmo xeito, a porcentaxe de empresas sen actividade foi maior canto menor facturación presentaron no último ano dispoñible (os valores pasan do 37,9% das que facturaron medio millón de euros ou máis ao 67,7% das que non chegaron a 50.000 euros).

Porcentaxe de empresas que puideron manter a súa actividade empresarial durante o confinamento decretado polo estado de alarma pola COVID-19 por volume de facturación

| Volume de facturación | Si, mantivo a actividade habitual | Si, continuou coa actividade de forma parcial | Non, por causas técnicas ou produtivas | Non, porque non llelo permitía o decreto |
|------------------------|-----------------------------------|---|--|--|
| Menos de 50.000 € | 15,4 | 16,9 | 6,2 | 61,5 |
| De 50.000 a 149.999 € | 17,4 | 24,4 | 7,0 | 51,2 |
| De 150.000 a 499.999 € | 16,0 | 34,0 | 5,3 | 44,7 |
| 500.000 € ou máis | 20,7 | 41,4 | 1,7 | 36,2 |
| Total | 17,2 | 29,0 | 5,3 | 48,5 |

Fonte: Elaboración propia

Para rematar a parte relativa ao acontecido durante o período de confinamento, preguntóuselles aos responsables das empresas que permaneceron abertas como cambiou o seu nivel de actividade durante ese período. Ao incluír no cálculo das porcentaxe a aquelas empresas que permaneceron pechadas, comprobouse que tan só un 8,5% das empresas culturais puideron manter ou incrementar o seu nivel de actividade. O número de empresas que mantivo a súa actividade normal é estatisticamente insignificativo.

Número de empresas segundo a forma en que cambiou a súa actividade no confinamento

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|---------------------------------|----------------|------------|
| Aumentou | 8 | 2,6 |
| Mantivo a súa actividade normal | 18 | 5,9 |
| Diminuíu | 114 | 37,6 |
| Non tivo actividade | 163 | 53,8 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Por segmentos compróbase que nos catro sectores se atopan porcentaxes por riba do 80% de empresas que viron como disminuía

ou cesaba a súa actividade e que son, de novo, as empresas das artes escénicas as máis prexudicadas polo confinamento (diminuíron ou cesaron a súa a actividade o 98%). O segundo sector máis afectado negativamente foi o dos libros e prensa (94,7%). Fronte a estes, o que presentou menor afectación negativa foi o do audiovisual e multimedia (reduciu ou ficou sen actividade o 81,6%, cun 10,5% que mantivo unha actividade normal e un 7,9% que mesmo a aumentou neses meses).

Porcentaxe de empresas segundo a forma en que cambiou a súa actividade no confinamento, por sector de actividade

| Sectores de actividade | Aumentou | Mantivo a actividade | Diminuíu | Non tivo actividade |
|--------------------------|----------|----------------------|----------|---------------------|
| Libros e prensa | 1,5 | 3,8 | 48,1 | 46,6 |
| Artes visuais | 3,7 | 9,9 | 38,3 | 48,1 |
| Artes escénicas | 0,0 | 2,0 | 11,8 | 86,3 |
| Audiovisual e multimedia | 7,9 | 10,5 | 34,2 | 47,4 |
| Total | 2,6 | 5,9 | 37,6 | 53,8 |

Fonte: Elaboración propia

Como é lóxico, o feito de permanecer aberto durante o estado de alarma déixase sentir neste punto, de tal xeito que, entre as empresas que mantiveron a súa actividade habitual, un 15,4% manifesta que incrementou o seu nivel de actividade e un 34,6% que mantivo esta no seu nivel normal.

Situación actual e medidas adoptadas

Superado o estado de alarma, no momento de realizar a enquisa permanecen inactivas o 7,6% das empresas do sector cultural galego. A metade (o 49,2%) está desempeñando unha actividade limitada, de modo que desenvolve unha actividade normal o 43,2% restante.

Nº de empresas segundo a situación en que se atopa nestes momentos

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|---------------------------|----------------|------------|
| Coa actividade normal | 131 | 43,2 |
| Cunha actividade limitada | 149 | 49,2 |
| Sen actividade | 23 | 7,6 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Esta porcentaxe de empresas con actividade normal agocha unha importante diferenza entre as do sector das artes escénicas (onde só o 21,6% está nesa situación) e os outros tres sectores, onde as porcentaxes de empresas con actividade normal oscila entre o 45,9% e o 50%. De feito, entre as empresas das artes escénicas un 29,4% segue inactivo, porcentaxe que nos demais sectores non chega nin ao 4%.

Porcentaxe de empresas segundo a situación en que se atopa nestes momentos por sector de actividade

| Sector de actividade | Coa actividade normal | Cunha actividade limitada | Sen actividade |
|--------------------------|-----------------------|---------------------------|----------------|
| Libros e prensa | 45,9 | 51,1 | 3,0 |
| Artes visuais | 49,4 | 46,9 | 3,7 |
| Artes escénicas | 21,6 | 49,0 | 29,4 |
| Audiovisual e multimedia | 50,0 | 47,4 | 2,6 |
| Total | 43,2 | 49,2 | 7,6 |

Fonte: Elaboración propia

Outro factor relevante nesta análise é o da facturación. A porcentaxe de empresas cunha actividade normal sitúase entre o 45,7% e o 47,7% nos tres treitos de 50.000 euros en diante, pero non pasa do 30,8% entre as que no último ano dispoñible non chegaron aos 50.000 euros. Neste segmento, un 18,5% das empresas seguen inactivas, porcentaxe que nos treitos de facturación de 50.000 euros en diante non pasa do 5,2%.

Porcentaxe de empresas segundo a situación en que se atopa nestes momentos por volume de facturación

| Volume de facturación | Coa actividade normal | Cunha actividade limitada | Sen actividade |
|------------------------|-----------------------|---------------------------|----------------|
| Menos de 50.000 € | 30,8 | 50,8 | 18,5 |
| De 50.000 a 149.999 € | 47,7 | 47,7 | 4,7 |
| De 150.000 a 499.999 € | 45,7 | 50,0 | 4,3 |
| 500.000 € ou máis | 46,6 | 48,3 | 5,2 |
| Total | 43,2 | 49,2 | 7,6 |

Fonte: Elaboración propia

Por último, cabe sinalar que o 73,1% das empresas que mantiveron a súa actividade habitual durante o estado de alarma conservan agora unha actividade normal, mentres que esta porcentaxe non pasa do 31,9% entre aquelas que cesaron a súa actividade durante o confinamento, e un 14,1% destas segue sen actividade na actualidade.

Porcentaxe de empresas que mantiveron actividade durante o estado de alarma

| | Coa actividade normal | Cunha actividade limitada | Sen actividade |
|------------------|-----------------------|---------------------------|----------------|
| A habitual | 73,1 | 26,9 | 0,0 |
| De forma parcial | 46,6 | 53,4 | 0,0 |
| Non | 31,9 | 54,0 | 14,1 |
| Total | 43,2 | 49,2 | 7,6 |

Fonte: Elaboración propia

Mentres o 7,6% das empresas ten todo o seu persoal inactivo, un 67,3% teñen entre o 76% e o 100% dos seus empregados traballando nestes momentos.

Nº de empresas pola porcentaxe do cadro de persoal que está actualmente traballando (incluído teletraballo)

| % do cadro de persoal | Nº de empresas | Porcentaxe |
|-----------------------|----------------|------------|
| 0% | 23 | 7,6 |
| Entre o 1% e o 25% | 21 | 6,9 |
| Entre o 26% e o 50% | 38 | 12,5 |
| Entre o 51% e o 75% | 17 | 5,6 |
| Entre o 76% e o 100% | 204 | 67,3 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Este valor é moi desigual segundo o sector do que se trate, pois chega ao 82,7% das empresas das artes visuais, pero non pasa do 41,2% nas das artes escénicas. Neste último, o 29,4% das empresas teñen todo o persoal parado, valor que nos demais sectores se sitúa por debaixo do 4%.

Porcentaxe de empresas pola porcentaxe do cadro de persoal que está actualmente traballando (incluído teletraballo) por sector de actividade

| Sector de actividade | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% |
|--------------------------|------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|
| Libros e prensa | 3,0 | 5,3 | 15,8 | 7,5 | 68,4 |
| Artes visuais | 3,7 | 2,5 | 7,4 | 3,7 | 82,7 |
| Artes escénicas | 29,4 | 17,6 | 7,8 | 3,9 | 41,2 |
| Audiovisual e multimedia | 2,6 | 7,9 | 18,4 | 5,3 | 65,8 |
| Total | 7,6 | 6,9 | 12,5 | 5,6 | 67,3 |

Fonte: Elaboración propia

Por nivel de facturación son de novo as que menos facturan as máis afectadas, pois se a porcentaxe das que teñen entre o 76% e o 100% do persoal traballando se sitúa arredor do 70% nos tramos de 50.000 euros en diante, fica no 56,9% nas que non chegan a esa cantidade. Dun xeito coherente, é nese tramo onde resultan máis relevantes as que teñen todo o persoal parado (o 18,5%, fronte a valores que non pasan do 5,2% nos tramos de 50.000 euros en diante).

Porcentaxe de empresas pola porcentaxe do cadro de persoal que está actualmente traballando (incluído teletraballo) por volume de facturación

| Volume de facturación | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% |
|------------------------|------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|
| Menos de 50.000 € | 18,5 | 9,2 | 12,3 | 3,1 | 56,9 |
| De 50.000 a 149.999 € | 4,7 | 7,0 | 10,5 | 7,0 | 70,9 |
| De 150.000 a 499.999 € | 4,3 | 5,3 | 14,9 | 5,3 | 70,2 |
| 500.000 € ou máis | 5,2 | 6,9 | 12,1 | 6,9 | 69,0 |
| Total | 7,6 | 6,9 | 12,5 | 5,6 | 67,3 |

Fonte: Elaboración propia

Nesta cuestión é tamén relevante o número de traballadoras e traballadores das empresas, pois a porcentaxe das que teñen entre o 76% e o 100% do persoal traballando é maior canto menor é o volume do seu persoal (os valores pasan do 61,8% das que teñen máis de 10 empregados ao 73,8% das que teñen só un ou dous).

Porcentaxe de empresas pola porcentaxe do cadro de persoal que está actualmente traballando (incluído teletraballo) por volume de facturación

| Nº de empregados | 0% | Entre o | | | |
|-----------------------|------|-----------------------|----------------|------------------------|-------------------------|
| | | Entre o 1% e o 25% | 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% |
| 1 ou 2 empregados | 8,7 | 2,9 | 10,7 | 3,9 | 73,8 |
| De 3 a 5 empregados | 4,8 | 9,6 | 14,5 | 6,0 | 65,1 |
| De 6 a 10 empregados | 6,5 | 8,1 | 11,3 | 9,7 | 64,5 |
| Máis de 10 empregados | 10,9 | 9,1 | 14,5 | 3,6 | 61,8 |
| Total | 7,6 | 6,9 | 12,5 | 5,6 | 67,3 |

Fonte: Elaboración propia

Por outra parte, esa actividade da maior parte do persoal é máis frecuente entre as empresas que non tiveron que parar durante o estado de alarma (o 92,3%, fronte ao 55,2% das que cesaron a súa actividade).

Porcentaxe de empresas que mantiveron actividade durante o estado de alarma

| | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% |
|------------------|------|-----------------------|---------------------------|------------------------|-------------------------|
| A habitual | 0,0 | 1,9 | 3,8 | 1,9 | 92,3 |
| De forma parcial | 0,0 | 3,4 | 12,5 | 9,1 | 75,0 |
| Non | 14,1 | 10,4 | 15,3 | 4,9 | 55,2 |
| Total | 7,6 | 6,9 | 12,5 | 5,6 | 67,3 |

Fonte: Elaboración propia

O 30% das empresas culturais contan actualmente con algún persoal en situación de teletraballo. Entre as empresas que non se atopan nesta situación, a causa máis sinalada é que o teletraballo non é viable dada a actividade (así o indica o 44,2%). As demais razóns para non contar hoxe en día con esta modalidade de traballo presentan porcentaxes de mención moi inferiores, por debaixo do 8%. Como se verá máis adiante, durante algún momento dende a chegada da pandemia e o confinamento, o 37,3% empregaron o teletraballo, se ben nestes momentos tal porcentaxe é 7,3 puntos inferior.



Nº de empresas segundo se contan ou non con traballadores en situación de teletraballo na actualidade

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|---|----------------|------------|
| Si | 91 | 30,0 |
| Non, porque o teletraballo non é viable na súa actividade | 134 | 44,2 |
| Non, porque xa se reincorporaron | 22 | 7,3 |
| Non, porque non estaban preparados para o teletraballo | 15 | 5,0 |
| Non, porque só traballa unha persoa | 10 | 3,3 |
| Non, porque están sen actividade | 8 | 2,6 |
| Non, por outras razóns | 23 | 7,6 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos permite comprobar, unha vez máis, as notables diferenzas que se establecen entre os distintos sectores das empresas culturais, pois na actualidade contan con algún persoal en situación de teletraballo o 50% do audiovisual e multimedia e o 43,2% das empresas das artes visuais, valor que fica no 14,3% en libros e prensa, precisamente o sector máis afectado pola imposibilidade de prestar o seu servizo dun xeito non presencial (o 64,7% din que non optaron polo teletraballo por non ser viable na súa actividade⁵, valor que cae a cifras de arredor do 21-22% nos dous sectores que máis están a empregar tal posibilidade).

⁵ Esta circunstancia está relacionada co peso que teñen as actividades de comercialización neste sector, que son na súa inmensa maioría establecementos de venda de libros e prensa.

Porcentaxe de empresas segundo se contan ou non con traballadores en situación de teletraballo na actualidade por sectores de actividade

| Sectores de actividade | Si | | Non, porque o teletraballo non é viable na súa actividade | Non, porque xa se reincorporaron | Non, porque non estaban preparados para o teletraballo | Non, porque só traballa unha persoa | Non, porque están sen actividade | Non, por outras razóns |
|--------------------------|------|------|---|----------------------------------|--|-------------------------------------|----------------------------------|------------------------|
| | | | | | | | | |
| Libros e prensa | 14,3 | 64,7 | 9,0 | 6,0 | 3,0 | 0,8 | 2,3 | |
| Artes visuais | 43,2 | 22,2 | 7,4 | 6,2 | 4,9 | 2,5 | 13,6 | |
| Artes escénicas | 35,3 | 43,1 | 3,9 | 2,0 | 2,0 | 9,8 | 3,9 | |
| Audiovisual e multimedia | 50,0 | 21,1 | 5,3 | 2,6 | 2,6 | 0,0 | 18,4 | |
| Total | 30,0 | 44,2 | 7,3 | 5,0 | 3,3 | 2,6 | 7,6 | |

Fonte: Elaboración propia

Tamén o nivel de facturación mostra disparidades interesantes, pois mentres que a porcentaxe de empresas en que hoxe en día se conta con teletraballo chega ao 43,1% no treito de facturación máis elevado, sitúase entre o 18,6% e o 33% nos tres inferiores. O emprego do teletraballo na actualidade é tamén máis sinalado polas empresas dos dous treitos máis altos en volume de persoal (40,3% e 38,2%, fronte ao 20,4% dos que só contan con 1 ou 2 traballadores). Finalmente, o teletraballo está máis presente nas empresas que durante o confinamento mantiveron a actividade habitual (42,3%) que nas que se mantiveron activas de forma parcial (31,8%) ou que tiveron que parar (25,2%).

Así mesmo, recolleuse información relativa á porcentaxe do cadro de persoal en situación de teletraballo. Na táboa seguinte pódese comprobar que o máis habitual nas empresas con persoal nesta situación é que aquel afecte ou ben a unha pequena porcentaxe dos traballadores, ou ben, no extremo contrario, a unha elevada porcentaxe destes. De feito, contan con entre o 1% e o 25% do persoal en teletraballo o 9,6% das empresas analizadas, idéntico valor ao das que teñen nesa modalidade a máis do 75% do cadro de persoal. Un 8,3% teñen traballando de forma non presencial entre o 26% e o 50% dos seus traballadores e o 2% restante ten entre o 51% e o 75%.



Nº de empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal que está teletraballando actualmente

| | Frecuencia | Porcentaxe |
|----------------------|------------|------------|
| 0% | 212 | 70,0 |
| Entre o 1% e o 25% | 29 | 9,6 |
| Entre o 26% e o 50% | 25 | 8,3 |
| Entre o 51% e o 75% | 6 | 2,0 |
| Entre o 76% e o 100% | 29 | 9,6 |
| Ns/Nc | 2 | 0,7 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Por sectores comprobouse que entre as empresas das artes visuais un 25,9% ten máis do 50% do seu cadro de persoal teletraballando nestes momentos, cifra que se sitúa arredor do 11% nas artes escénicas e no audiovisual, mentres que non pasa do 3% no sector de libros e prensa.

Porcentaxe de empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal que está teletraballando actualmente por sectores de actividade

| Sectores de actividade | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% | Ns/Nc |
|--------------------------|------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-------|
| Libros e prensa | 85,7 | 6,8 | 3,8 | 0,0 | 3,0 | 0,8 |
| Artes visuais | 56,8 | 4,9 | 11,1 | 4,9 | 21,0 | 1,2 |
| Artes escénicas | 64,7 | 17,6 | 5,9 | 3,9 | 7,8 | 0,0 |
| Audiovisual e multimedia | 50,0 | 18,4 | 21,1 | 0,0 | 10,5 | 0,0 |
| Total | 70,0 | 9,6 | 8,3 | 2,0 | 9,6 | 0,7 |

Fonte: Elaboración propia

Tamén se aprecian diferenzas en función do volume de facturación, pois o 18,5% das empresas cunha facturación inferior aos 50.000 € teñen máis do 50% do seu persoal teletraballando, cifra que se sitúa entre o 8,6% e o 10,5% nos restantes tramos de facturación.



Porcentaxe de empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal que está teletraballando actualmente por volume de facturación

| Volume de facturación | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% | Ns/Nc |
|------------------------|------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-------|
| Menos de 50.000 € | 70,8 | 3,1 | 6,2 | 1,5 | 16,9 | 1,5 |
| De 50.000 a 149.999 € | 81,4 | 5,8 | 2,3 | 2,3 | 8,1 | 0,0 |
| De 150.000 a 499.999 € | 67,0 | 9,6 | 12,8 | 2,1 | 7,4 | 1,1 |
| 500.000 € ou máis | 56,9 | 22,4 | 12,1 | 1,7 | 6,9 | 0,0 |
| Total | 70,0 | 9,6 | 8,3 | 2,0 | 9,6 | 0,7 |

Fonte: Elaboración propia

Por último, cabe sinalar que o teletraballo é máis frecuente naquelas empresas que mantiveron a súa actividade habitual durante o estado de alarma (o 17,3% das que o mantiveron contan máis do 50% do persoal en teletraballo, valor que non pasa do 11,4% nas demais empresas).

Porcentaxe de empresas que mantiveron actividade durante o estado de alarma segundo a porcentaxe do persoal que está teletraballando

| | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% | Ns/Nc |
|----------------------|------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-------|
| Si, a habitual | 57,7 | 7,7 | 17,3 | 1,9 | 15,4 | 0,0 |
| Si, de forma parcial | 68,2 | 10,2 | 9,1 | 4,5 | 6,8 | 1,1 |
| Non | 74,8 | 9,8 | 4,9 | 0,6 | 9,2 | 0,6 |
| Total | 70,0 | 9,6 | 8,3 | 2,0 | 9,6 | 0,7 |

Fonte: Elaboración propia

Ás 91 empresas con parte do persoal en situación de teletraballo preguntóuselles pola valoración que lles merece a experiencia. O 65,5% responde en termos positivos, indicando que lles parece moi positivo (18,7%) ou algo positivo (41,8%). A porcentaxe das empresas en que o teletraballo está sendo insatisfactorio é do 18,7%.




Nº de empresas segundo a valoración que lle dan ao teletraballo

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|---------------|----------------|------------|
| Moi positiva | 17 | 18,7 |
| Algo positiva | 38 | 41,8 |
| Neutros | 17 | 18,7 |
| Algo negativa | 13 | 14,3 |
| Moi negativa | 4 | 4,4 |
| Ns/Nc | 2 | 2,2 |
| Total | 91 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

O 44,3% das empresas que actualmente ten algún persoal en situación de teletraballo cre que esta modalidade permanecerá máis alá da crise sanitaria, ao tempo que un 20,9% opina que é posible pero non ten unha posición clara ao respecto.

Nº de empresas segundo a posibilidade de permanecer en réxime de teletraballo despois da crise sanitaria



■ Si ■ Non ■ Talvez

Fonte: Elaboración propia

Ademais do teletraballo, as empresas adoptaron outras medidas para afrontar a situación provocada pola COVID-19. É o caso da solicitude dun expediente de regulación temporal de emprego (38,6%), a redución da actividade (36%), a organización de quendas ou a modificación do horario laboral (27,4%) e a modificación do

calendario (13,5%). As demais foron aplicadas por menos do 6% das empresas (o adianto das vacacións, a solicitude de axudas a autónomos, o cesamento temporal mediante permiso retribuído recuperable...).

**Nº de empresas segundo as medidas adoptadas para afrontar a situación actual
(Resposta múltiple)**

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|--|----------------|------------|
| ERTE | 117 | 38,6 |
| Redución da actividade | 109 | 36,0 |
| Quendas ou modificación de horario laboral | 83 | 27,4 |
| Modificación do calendario laboral | 41 | 13,5 |
| Vacacións | 17 | 5,6 |
| Axudas a autónomos | 14 | 4,6 |
| Permiso retribuído recuperable | 12 | 4,0 |
| Bolsa de horas | 8 | 2,6 |
| Outra/s | 18 | 5,9 |
| Ningunha | 16 | 5,3 |
| Nc | 13 | 4,3 |

Fonte: Elaboración propia

As empresas vinculadas ás artes escénicas son as que en maior medida empregaron a figura dos ERTE (51%) e tras estas sitúanse as empresas do sector do libro e a prensa xa que o 47,4% solicitou un ERTE, mentres que nos outros dous sectores esta cifra é inferior ao 25%.

Finalmente, cabe apuntar que as empresas do sector de libros e prensa foron as que en maior medida empregaron a redución da actividade (44%) e a organización de quendas ou modificacións do horario laboral (34,6%). Pola súa parte, as empresas do audiovisual e multimedia destacaron no emprego do teletraballo (55,3%), a modificación do calendario laboral (23,7%) ou o cesamento temporal mediante permiso retribuído recuperable (10,5). Tamén as empresas das artes visuais amosaron un recurso destacado do teletraballo (51%).

A segmentación tamén mostra un maior recurso ao cesamento de actividade da empresa canto menor foi a facturación desta no último ano dispoñible (do 50% das que chegaron ao medio millón de euros ao 72,3% das que non chegaron aos 50.000 euros).

En función do volume de facturación, obsérvase unha maior aplicación dos ERTE canto maior era a facturación (do 20% das empresas

do tramo máis baixo ao 53,4% das do máis elevado) e maior era o seu número de empregados.


Porcentaxe de empresas segundo as medidas adoptadas para afrontar a situación actual por volume de facturación (Resposta múltiple)

| | Menos de 50.000 € | De 50.000 a 149.999 € | De 150.000 a 499.999 € | 500.000 € ou máis | Total |
|---|----------------------|-----------------------------|---------------------------|----------------------|-------|
| Cesamento de actividade da empresa | 72,3 | 62,8 | 59,6 | 50,0 | 61,4 |
| ERTE | 20,0 | 27,9 | 52,1 | 53,4 | 38,6 |
| Teletraballo | 35,4 | 20,9 | 43,6 | 53,4 | 37,3 |
| Redución da actividade | 32,3 | 34,9 | 43,6 | 29,3 | 36,0 |
| Quendas ou modificación de horario laboral | 21,5 | 19,8 | 31,9 | 37,9 | 27,4 |
| Modificación do calendario laboral | 10,8 | 10,5 | 17,0 | 15,5 | 13,5 |
| Vacacións | 3,1 | 3,5 | 6,4 | 10,3 | 5,6 |
| Axudas a autónomos | 12,3 | 4,7 | 2,1 | 0,0 | 4,6 |
| Permiso retribuído recuperable | 3,1 | 2,3 | 7,4 | 1,7 | 4,0 |
| Bolsa de horas | 1,5 | 4,7 | 1,1 | 3,4 | 2,6 |
| Outra/s | 6,2 | 4,7 | 7,4 | 5,2 | 5,9 |
| Ningunha | 3,1 | 9,3 | 3,2 | 5,2 | 5,3 |
| Nc | 6,2 | 8,1 | 0,0 | 3,4 | 4,3 |

Fonte: Elaboración propia

Como cabía esperar e tal como mostra o seguinte gráfico, a solicitude de ERTE foi máis habitual entre as empresas que tiveron que pechar durante o estado de alarma (47,2%) e entre as que tiveron unha actividade parcial (38,6%) que entre as que mantiveron a súa actividade habitual (11,5%).


Porcentaxe de empresas que solicitaron ERTE segundo se mantiveron ou non a actividade durante o estado de alarma



Fonte: Elaboración propia

Entre as empresas que solicitaron un ERTE o 67,5% fixérono baixo o suposto de forza maior. Un 19,7% apelou a causas obxectivas produtivas, técnicas e/ou de organización.

Tipos de ERTE presentados polas empresas que se acolleron a esta fórmula




- De forza maior
- Por causas obxectivas produtivas, técnicas e/ou de organización
- Ns/Nc

Fonte: Elaboración propia

Nove de cada dez solicitudes de ERTE tramitadas polas empresas culturais galegas recibiron unha resposta positiva da Administración xeral do Estado, que emitiu unha resolución acorde á petición no 90,6% casos.



Porcentaxe de respostas recibidas polas empresas que presentaron ERTE



Fonte: Elaboración propia

O 25,1% das empresas culturais galegas pediron un ERTE que afectaría a máis do 75% do seu persoal. As peticións que habían de afectar a unha menor porcentaxe de traballadoras e traballadores rexistraron porcentaxes inferiores ao 7%.

Nº de empresas que presentaron ERTE, segundo a porcentaxe de persoal que se veu afectado


| Categoría | Nº de empresas | Porcentaxe |
|-----------------------------------|----------------|--------------|
| 0% (A empresa non solicitou ERTE) | 186 | 61,4 |
| Entre o 1% e o 25% | 6 | 2,0 |
| Entre o 26% e o 50% | 19 | 6,3 |
| Entre o 51% e o 75% | 14 | 4,6 |
| Entre o 76% e o 100% | 76 | 25,1 |
| Ns/Nc | 2 | 0,7 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Aínda que a petición dun ERTE para máis do 75% do cadro de persoal foi a máis habitual nas empresas dos catro sectores culturais, a análise que discrimina as empresas por sector revela que as peticións para ese treito de persoal foron especialmente habituais entre as empresas das artes escénicas (o 39,2%, porcentaxe que nos tres sectores restantes non pasou do 26,3%).



Empresas que tiveron a máis dun 75% do seu persoal en ERTE por sectores de actividade



Fonte: Elaboración propia


As solicitudes para estas elevadas porcentaxes de traballadores foron tamén máis habituais canto maior era a facturación da empresa no último ano dispoñible (os valores pasan do 15,4% das que non chegaron a 50.000 euros ao 39,7% das que facturaron medio millón de euros ou máis) e canto maior era o volume do persoal a finais do ano pasado (os valores crecen do 13,6% das que non tiñan máis que 1 ou 2 traballadores ata o 40% das que tiñan máis de 10). Finalmente, estas peticións para máis das tres cuartas partes do persoal foron máis frecuentes canto menor foi a actividade das empresas durante o estado de alarma (do 5,8% das que puideron manter a actividade habitual pásase ao 33,7% das que tiveron que permanecer inactivas).

O impacto da crise nas empresas

O 60,7% das empresas enquisadas sinalan que a crise da COVID-19 supuxo unha redución de máis do 50% sobre o que tería sido a súa facturación habitual nestes primeiros meses do ano (para o 37,6% este impacto negativo supera mesmo o 75%, ao tempo que un 23,1% apunta reducións de entre o 51% e o 75%). Só o 5,6% das empresas do sector afirman que non sentiron influencia negativa ningunha da pandemia sobre o seu volume de facturación ata ese momento.




Empresas segundo a porcentaxe de facturación que se veu afectada pola crise da COVID-19 (%)



Fonte: Elaboración propia

Se no conxunto das empresas se experimentou unha redución de máis do 75% da súa facturación ata o momento (o 37,6%), esta porcentaxe duplícase entre as empresas do sector das artes escénicas (78,4%), mentres que se mantén en arredor do 33%-34% nos sectores das artes visuais e no audiovisual e multimedia e sitúase no 25,6% no dos libros e prensa.

Empresas cuxa facturación se veu afectada en máis dun 75% pola crise da COVID-19 por sector de actividade (%)




Fonte: Elaboración propia

Esa intensa caída nos ingresos é máis habitual canto menor é a empresa en termos de facturación (as porcentaxes de empresas con

esta caída pasan do 25,9% das que acadan ou superan o medio millón de euros ao 58,5% das que non chegan aos 50.000 euros) e está claramente relacionada cos niveis de actividade mantidos ao longo do estado de alarma (só experimentou esa redución da facturación o 13,5% das que puideron ter a actividade habitual, fronte ao 55,2% das que tiveron que parar).


Empresas cuxa facturación se veu afectada en máis dun 75% pola crise da COVID-19 por volume de facturación (%)



Fonte: Elaboración propia

Atendendo ao outro lado da escala, é dicir, ás empresas menos afectadas na súa facturación na primeira metade do ano, destacan as do sector audiovisual e multimedia (o 10,5% non conta con perdas e o 18,4% espera unha caída de entre o 1% e o 25%).

Empresas cuxa facturación non se veu afectada pola crise da COVID-19 por sector de actividade (%)



Fonte: Elaboración propia

Como cabía esperar, esta situación menos desfavorable é máis habitual entre as que non tiveron que cesar a súa actividade en todo o

estado de alarma, pois o 23,1% delas non rexistrou caídas e outro 23,1% sitúa a redución da facturación en non máis do 25%.

Xunto coas baixadas de facturación, a enquisa recolleu información tamén sobre as estimacións para o que resta do ano e a mingua esperada na facturación do total do exercicio. A pesar de que as previsións sempre contan co condicionante da incerteza e esta é especialmente elevada nun ano como o presente, só o 8,6% das empresas non foi capaz de expresar un prognóstico.

Empresas segundo a estimación da porcentaxe de perdas na facturación pola crise da COVID-19


| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|----------------------|----------------|------------|
| 0% | 10 | 3,3 |
| Entre o 1% e o 25% | 46 | 15,2 |
| Entre o 26% e o 50% | 89 | 29,4 |
| Entre o 51% e o 75% | 83 | 27,4 |
| Entre o 76% e o 100% | 49 | 16,2 |
| Ns/Nc | 26 | 8,6 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Cos datos obtidos pódese prever que as caídas na facturación anual máis habituais sexan de entre o 26% e o 50% (29,4%) ou de entre o 51% e o 75% (27,4%). As máis intensas, as que minguarían a facturación do total do exercicio en máis dun 75%, afectarían a un 16,2% das empresas. No extremo contrario, só o 3,3% non tería afectación negativa ningunha. Polo tanto, pódese indicar que as empresas do sector cultural galego prevén certa recuperación nos vindeiros meses, pois actualmente un 60,6% presenta baixadas de facturación superiores ao 75%, mentres que para o conxunto do ano a porcentaxe das que estiman tal nivel de impacto sobre a facturación sitúase no 43,6%. En todo caso, trátase de datos evidentemente negativos en termos económicos.

As caídas máis intensas na facturación anual, de máis do 75%, afectarán de novo moi especialmente ás empresas das artes escénicas (35,3%), en claro contraste coas do sector dos libros e prensa (9,8%).

Empresas que estiman perdas na facturación de máis dun 75% pola crise da COVID-19, segundo o sector de actividade



Fonte: Elaboración propia

As que no último ano do que se dispón de datos lograron unha facturación de cando menos medio millón de euros serán as que en menor medida sufran unha redución tan drástica (6,9%, porcentaxe que nos demais treitos de facturación se sitúa entre o 16% e o 20,9%).

Empresas segundo a estimación da porcentaxe de perdas na facturación pola crise da COVID-19 por volume de facturación

| Volume de facturación | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% | Ns/Nc |
|------------------------|-----|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-------|
| Menos de 50.000 € | 1,5 | 12,3 | 21,5 | 35,4 | 18,5 | 10,8 |
| De 50.000 a 149.999 € | 3,5 | 14,0 | 23,3 | 30,2 | 20,9 | 8,1 |
| De 150.000 a 499.999 € | 5,3 | 16,0 | 39,4 | 21,3 | 16,0 | 2,1 |
| 500.000 € ou máis | 1,7 | 19,0 | 31,0 | 24,1 | 6,9 | 17,2 |
| Total | 3,3 | 15,2 | 29,4 | 27,4 | 16,2 | 8,6 |

Fonte: Elaboración propia

Como cabía esperar, esa redución será máis frecuente canto máis afectada se vise a actividade da empresa durante o estado de alarma (pasa do 0% das que mantiveron a actividade habitual ao 5,7% das que tiveron unha actividade parcial e elévase ata o 27% entre as que tiveron que parar nalgún momento ou durante todo o confinamento).

Na análise por segmentos pódese comprobar que todos os sectores presentan porcentaxes superiores ao 35% de empresas que agardan descensos de máis do 50% no seu volume de facturación anual se ben, unha vez máis, se comproba que é no sector das artes escénicas no que se producirá o maior impacto, pois o 68,5% estima rebaixas de máis do 50% da súa facturación (nos outros sectores esta cifra oscila entre o 36,5% e o 42%).

Empresas segundo a estimación da porcentaxe de perdas na facturación pola crise da COVID-19 por sectores de actividade

| Sector de actividade | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% | Ns/Nc |
|--------------------------|-----|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-------|
| Libros e prensa | 3,8 | 15,0 | 36,8 | 26,3 | 9,8 | 8,3 |
| Artes visuais | 2,5 | 17,3 | 28,4 | 25,9 | 16,0 | 9,9 |
| Artes escénicas | 2,0 | 7,8 | 15,7 | 33,3 | 35,3 | 5,9 |
| Audiovisual e multimedia | 5,3 | 21,1 | 23,7 | 26,3 | 13,2 | 10,5 |
| Total | 3,3 | 15,2 | 29,4 | 27,4 | 16,2 | 8,6 |

Fonte: Elaboración propia

Tamén en función do volume de empregados podemos apreciar como as caídas de facturación por riba do 50% serán máis frecuentes nas empresas máis pequenas (51,5%) que nas de máis de 10 empregados (34,5%).

Empresas segundo a estimación da porcentaxe de perdas na facturación pola crise da COVID-19 por número de empregados

| Nº de empregados | 0% | Entre o 1% e o 25% | Entre o 26% e o 50% | Entre o 51% e o 75% | Entre o 76% e o 100% | Ns/Nc |
|-----------------------|-----|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-------|
| 1 ou 2 empregados | 3,9 | 13,6 | 24,3 | 31,1 | 20,4 | 6,8 |
| De 3 a 5 empregados | 1,2 | 18,1 | 32,5 | 25,3 | 12,0 | 10,8 |
| De 6 a 10 empregados | 3,2 | 9,7 | 33,9 | 29,0 | 17,7 | 6,5 |
| Máis de 10 empregados | 5,5 | 20,0 | 29,1 | 21,8 | 12,7 | 10,9 |
| Total | 3,3 | 15,2 | 29,4 | 27,4 | 16,2 | 8,6 |

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, comprobouse que o 56,4% das empresas que permaneceron pechadas durante o estado de alarma agardan

.....

descensos anuais na súa facturación superiores ao 50%, porcentaxe que se sitúa no 26,9% entre as que mantiveron a súa actividade habitual, polo que tamén nestas últimas hai que falar dun forte impacto da COVID-19 no seu volume de facturación.

En canto ás empresas con ningunha ou coa menor afectación, volven estar nesta situación especialmente as do sector do audiovisual e multimedia (o 5,3% non espera redución na facturación anual e o 21,1% espera unha redución de non máis do 25%, porcentaxes moi destacadas respecto ás dos outros sectores, en especial ao das artes escénicas, 2% e 7,8%, respectivamente). Estas previsións menos negativas son máis habituais entre as empresas que puideron manter a súa actividade habitual durante o estado de alarma (o 9,6% non conta con redución da facturación e o 23,1% conta cunha redución de menos do 26%).

Ás empresas participantes na enquisa facilitóuselles unha lista de posibles problemas derivados da crise da COVID-19 co fin de comprobar o grao de prevalencia de cada un deles sobre as empresas do sector cultural galego. Ordenados de maior a menor incidencia, o máis habitual foi o cesamento ou caída da actividade da clientela e conseguinte descenso na demanda. Este problema está afectando ao 81,5% das empresas da cultura de Galicia. Moi relacionado co primeiro, o segundo máis habitual é un problema de tesouraría, que afecta a máis da metade das empresas, ao 53,1%. En terceira posición, completa o podio dos problemas máis habituais, a dificultade para pagar impostos e seguros sociais (39,3%).

Tras estes tres problemas máis habituais, o cuarto fai alusión a problemas cos provedores, pola imposibilidade destes de entregar subministracións ou prover dos servizos que viñan prestando (30%); o quinto está relacionado con problemas de distribución (28,7%) e o sexto con problemas de financiamento (25,1%), como préstamos, bancos etc. Pechan a listaxe outros atrancos que afectan a menos do 25% das empresas: os problemas derivados das limitacións de cabida (21,8%), a inseguridade xurídica (19,8%) e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene (13,5%).



Problemas das empresas derivados da crise da COVID-19

| | Porcentaxe |
|---|------------|
| Cesamento ou caída da actividade da clientela (problemas de demanda, caída dos pedidos) | 81,5 |
| Problemas de tesouraría | 53,1 |
| Dificultades para pagar impostos e seguros sociais | 39,3 |
| Problemas cos provedores (carencias de subministracións e/ou servizos externalizados) | 30,0 |
| Problemas de distribución | 28,7 |
| Problemas de financiamento (préstamos, bancos etc.) | 25,1 |
| Problemas derivados das limitacións de cabida | 21,8 |
| Inseguridade xurídica | 19,8 |
| Problemas para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene | 13,5 |
| Outro/s | 2,6 |

Fonte: Elaboración propia

O cesamento ou caída da actividade da clientela afecta ao 65,8% das empresas do sector audiovisual e multimedia, mentres nos demais sectores da empresa cultural se sitúa entre o 80,5% e o 87,7%. As empresas cunha incidencia menos elevada deste problema son as máis grandes en termos de facturación e volume de persoal (nos treitos máis altos de ambas as segmentacións sofren este problema arredor do 67,2% das empresas, fronte a valores que superan o 80% nos restantes treitos de ambas as segmentacións).

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas de cesamento ou caída da actividade da clientela

| Sector | Porcentaxe |
|---|------------|
| Libros e prensa | 80,5 |
| Artes visuais | 87,7 |
| Artes escénicas | 86,3 |
| Audiovisual e multimedia | 65,8 |
| Total | 81,5 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 86,2 |
| De 50.000 a 149.999 € | 87,2 |
| De 150.000 a 499.999 € | 81,9 |
| 500.000 € ou máis | 67,2 |
| Total | 81,5 |



| | |
|--|------|
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 84,5 |
| De 3 a 5 empregados | 86,7 |
| De 6 a 10 empregados | 82,3 |
| Máis de 10 empregados | 67,3 |
| Total | 81,5 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 63,5 |
| Si, de forma parcial | 84,1 |
| Non | 85,9 |
| Total | 81,5 |

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de empresas afectadas por problemas de tesouraría é maior canto menor é o seu volume de facturación (os valores pasan do 41,4% das que no último dato dispoñible facturaban 500.000 euros ou máis ao 60% das que non chegaban aos 50.000 euros) e menor tamén o seu número de traballadores (neste caso as porcentaxes pasan do 40% das que pecharon o ano anterior con máis de 10 traballadores ao 64,1% das que só tiñan 1 ou 2 empregados). Ademais, este problema afecta máis ás que non puideron estar activas durante o estado de alarma (63,8%, fronte ao 30,8% das que realizaron unha actividade habitual).

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas de tesouraría

| Sector | Porcentaxe |
|---|-------------------|
| Libros e prensa | 48,9 |
| Artes visuais | 58,0 |
| Artes escénicas | 54,9 |
| Audiovisual e multimedia | 55,3 |
| Total | 53,1 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 60,0 |
| De 50.000 a 149.999 € | 58,1 |
| De 150.000 a 499.999 € | 51,1 |
| 500.000 € ou máis | 41,4 |
| Total | 53,1 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 64,1 |
| De 3 a 5 empregados | 49,4 |
| De 6 a 10 empregados | 51,6 |
| Máis de 10 empregados | 40,0 |
| Total | 53,1 |



| | |
|--|------|
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 30,8 |
| Si, de forma parcial | 46,6 |
| Non | 63,8 |
| Total | 53,1 |

Fonte: Elaboración propia

As dificultades para pagar impostos e seguros sociais son máis sinaladas polas empresas do sector das artes escénicas (49%) que polas dos demais sectores (entre o 33,3% e o 39,5%). Ademais, afectan máis ás empresas que non puideron estar activas durante o estado de alarma (48,5%, fronte ao 15,4% das que mantiveron unha actividade normal). Por último, cabe sinalar que a incidencia deste problema baixa ata o 20,7% nas empresas con maior volume de facturación mentres que nos restantes tramos oscila entre o 36,7% e o 47,9%.

Porcentaxe de empresas con problemas para pagar impostos e seguros sociais

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 39,1 |
| Artes visuais | 33,3 |
| Artes escénicas | 49,0 |
| Audiovisual e multimedia | 39,5 |
| Total | 39,3 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 36,9 |
| De 50.000 a 149.999 € | 44,2 |
| De 150.000 a 499.999 € | 47,9 |
| 500.000 € ou máis | 20,7 |
| Total | 39,3 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 42,7 |
| De 3 a 5 empregados | 37,3 |
| De 6 a 10 empregados | 40,3 |
| Máis de 10 empregados | 34,5 |
| Total | 39,3 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 15,4 |
| Si, de forma parcial | 36,4 |
| Non | 48,5 |
| Total | 39,3 |

Fonte: Elaboración propia

Os problemas cos provedores afectan en maior medida ás empresas do sector de libros e prensa e ao audiovisual e multimedia (33,8% e 31,6%, respectivamente, fronte ao 24,7% das artes visuais).

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas cos provedores (carencias de subministracións e/ou servizos externalizados)

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 33,8 |
| Artes visuais | 24,7 |
| Artes escénicas | 27,5 |
| Audiovisual e multimedia | 31,6 |
| Total | 30,0 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 24,6 |
| De 50.000 a 149.999 € | 37,2 |
| De 150.000 a 499.999 € | 25,5 |
| 500.000 € ou máis | 32,8 |
| Total | 30,0 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 32,0 |
| De 3 a 5 empregados | 28,9 |
| De 6 a 10 empregados | 30,6 |
| Máis de 10 empregados | 27,3 |
| Total | 30,0 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 28,8 |
| Si, de forma parcial | 28,4 |
| Non | 31,3 |
| Total | 30,0 |

Fonte: Elaboración propia

O sector das artes escénicas é o que máis afirma ter problemas de distribución (43,1%, en claro contraste co 13,6% do sector das artes visuais) e afecta principalmente ás empresas que non puideron estar activas durante algunha parte do estado de alarma (34,4%, fronte ao 19,2% das que puideron manter a súa actividade habitual). Este é un problema que afecta en maior medida ás empresas con máis de 10 empregados (41,8%).

**Porcentaxe de empresas que presentaron problemas de distribución**

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 33,1 |
| Artes visuais | 13,6 |
| Artes escénicas | 43,1 |
| Audiovisual e multimedia | 26,3 |
| Total | 28,7 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 32,3 |
| De 50.000 a 149.999 € | 32,6 |
| De 150.000 a 499.999 € | 22,3 |
| 500.000 € ou máis | 29,3 |
| Total | 28,7 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 30,1 |
| De 3 a 5 empregados | 19,3 |
| De 6 a 10 empregados | 27,4 |
| Máis de 10 empregados | 41,8 |
| Total | 28,7 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 19,2 |
| Si, de forma parcial | 23,9 |
| Non | 34,4 |
| Total | 28,7 |

Fonte: Elaboración propia

Cun esquema similar ao dos problemas de distribución, tamén os problemas de financiamento teñen maior incidencia entre as empresas do sector das artes escénicas (31,4%, fronte a 22,2% das empresas das artes visuais) e afectan máis ás que non puideron manter a actividade durante o estado de alarma (35%, fronte ao 7,7% das que mantiveron a actividade habitual). Neste punto cabe apuntar que as empresas con maior volume de facturación (máis de 500.000 €) son as que en menor medida están a experimentar este problema (15,5%).

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas de financiamento (préstamos, bancos etc.)

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 23,3 |
| Artes visuais | 22,2 |
| Artes escénicas | 31,4 |
| Audiovisual e multimedia | 28,9 |
| Total | 25,1 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 27,7 |
| De 50.000 a 149.999 € | 22,1 |
| De 150.000 a 499.999 € | 31,9 |
| 500.000 € ou máis | 15,5 |
| Total | 25,1 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 27,2 |
| De 3 a 5 empregados | 24,1 |
| De 6 a 10 empregados | 24,2 |
| Máis de 10 empregados | 23,6 |
| Total | 25,1 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 7,7 |
| Si, de forma parcial | 17,0 |
| Non | 35,0 |
| Total | 25,1 |

Fonte: Elaboración propia

Outro problema en que se destacan as empresas das artes escénicas é o provocado polas limitacións de cabida (afecta ao 56,9% destas empresas, porcentaxe que nos demais sectores oscila entre o 13 e o 16%). De feito, para este sector é o principal problema, despois da caída xeral da demanda.

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas derivados das limitacións de cabida

| Sector | Porcentaxe |
|--------------------------|-------------------|
| Libros e prensa | 14,3 |
| Artes visuais | 16,0 |
| Artes escénicas | 56,9 |
| Audiovisual e multimedia | 13,2 |
| Total | 21,8 |



| | |
|--|------|
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 26,2 |
| De 50.000 a 149.999 € | 23,3 |
| De 150.000 a 499.999 € | 20,2 |
| 500.000 € ou máis | 17,2 |
| Total | 21,8 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 15,5 |
| De 3 a 5 empregados | 20,5 |
| De 6 a 10 empregados | 29,0 |
| Máis de 10 empregados | 27,3 |
| Total | 21,8 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 15,4 |
| Si, de forma parcial | 14,8 |
| Non | 27,6 |
| Total | 21,8 |

Fonte: Elaboración propia

As empresas do sector das artes escénicas son tamén as que máis están afrontando os problemas de inseguridade xurídica. Así, citan estas dificultades o 41,2% das empresas deste sector, porcentaxe que nos demais non pasa do 23,7% e que fica no 9,8% no caso de libros e prensa.

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas de inseguridade xurídica

| Sector | Porcentaxe |
|---|-------------------|
| Libros e prensa | 9,8 |
| Artes visuais | 21,0 |
| Artes escénicas | 41,2 |
| Audiovisual e multimedia | 23,7 |
| Total | 19,8 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 18,5 |
| De 50.000 a 149.999 € | 25,6 |
| De 150.000 a 499.999 € | 17,0 |
| 500.000 € ou máis | 17,2 |
| Total | 19,8 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 20,4 |
| De 3 a 5 empregados | 16,9 |
| De 6 a 10 empregados | 27,4 |



| | |
|--|------|
| Máis de 10 empregados | 14,5 |
| Total | 19,8 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 21,2 |
| Si, de forma parcial | 8,0 |
| Non | 25,8 |
| Total | 19,8 |

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, son tamén as empresas do sector das artes escénicas as que máis están sufrindo os problemas para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene para evitar os contaxios (27,5%, fronte ao 7,4% das empresas das artes visuais).

Porcentaxe de empresas que presentaron problemas para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 10,5 |
| Artes visuais | 7,4 |
| Artes escénicas | 27,5 |
| Audiovisual e multimedia | 18,4 |
| Total | 13,5 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 6,2 |
| De 50.000 a 149.999 € | 18,6 |
| De 150.000 a 499.999 € | 10,6 |
| 500.000 € ou máis | 19,0 |
| Total | 13,5 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 9,7 |
| De 3 a 5 empregados | 13,3 |
| De 6 a 10 empregados | 19,4 |
| Máis de 10 empregados | 14,5 |
| Total | 13,5 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 11,5 |
| Si, de forma parcial | 12,5 |
| Non | 14,7 |
| Total | 13,5 |

Fonte: Elaboración propia

O 9,2% das empresas culturais de Galicia realizou recortes nos seus cadros de persoal. Entre as empresas que realizaron despedimentos, o máis habitual foi despedir 1 ou 2 persoas (o 64,3% das que efectuaron despedimentos), pero tamén se atopa un 10,7% que despediu máis de 10 persoas. Tendo en conta estes datos, comprobouse que as empresas da mostra despediron un total de 192 persoas, o que supón un 6,6% do total do persoal que tiña contrato en vigor con data do 31 de decembro de 2019 nas 303 empresas da mostra.

Empresas que despediron persoal segundo o número de empregados afectados

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|-----------------------|----------------|------------|
| 1 ou 2 empregados | 18 | 64,3 |
| De 3 a 5 empregados | 3 | 10,7 |
| De 6 a 10 empregados | 2 | 7,1 |
| Máis de 10 empregados | 3 | 10,7 |
| Ns/Nc | 2 | 7,1 |

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de empresas que tiveron que reducir persoal é do 16,4% entre as que contaban a finais do pasado ano con máis de 10 empregados, porcentaxe que atopa o seu valor máis baixo entre as que só contaban con 1 ou 2 traballadores (3,9%). Por sectores baixa ata o 4,9% nas artes visuais mentres que nos outros tres rolda o 10%.

Porcentaxe de empresas que tiveron que reducir o seu cadro de persoal con despedimentos

| Sector | Porcentaxe |
|---|------------|
| Libros e prensa | 11,3 |
| Artes visuais | 4,9 |
| Artes escénicas | 9,8 |
| Audiovisual e multimedia | 10,5 |
| Total | 9,2 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 10,8 |
| De 50.000 a 149.999 € | 2,3 |
| De 150.000 a 499.999 € | 11,7 |
| 500.000 € ou máis | 13,8 |
| Total | 9,2 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 3,9 |




| | |
|--|------|
| De 3 a 5 empregados | 12,0 |
| De 6 a 10 empregados | 8,1 |
| Máis de 10 empregados | 16,4 |
| Total | 9,2 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 11,5 |
| Si, de forma parcial | 9,1 |
| Non | 8,6 |
| Total | 9,2 |

Fonte: Elaboración propia

Á marxe das medidas xa adoptadas en materia de despedimentos, quíxose saber tamén que previsións fan as empresas ao respecto con vistas aos vindeiros meses. Nese prazo formulan a opción de recortar cadros de persoal o 17,8% das empresas.

Porcentaxe de empresas en que existe a posibilidade de despedimentos nos vindeiros meses



Fonte: Elaboración propia

Estes recortes afectarían maioritariamente a entre 1 e 2 empregados (51,9% das empresas que barallan prescindir de persoal nos próximos meses), un 22,2% valoran despedir de 3 a 5 persoas e un 13% a máis de 10 persoas.

Empresas que prevén despedir persoal segundo o número de empregados afectados

| | Frecuencia | Porcentaxe |
|-----------------------|------------|------------|
| 1 ou 2 empregados | 28 | 51,9 |
| De 3 a 5 empregados | 12 | 22,2 |
| De 6 a 10 empregados | 3 | 5,6 |
| Máis de 10 empregados | 7 | 13,0 |
| Ns/Nc | 4 | 7,4 |
| Total | 54 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

A partir desta previsión, podemos calcular que as empresas da mostra barallan despedir un total de 273 persoas, o que supón un 9,4% do total do persoal que tiña contrato en vigor a 31 de decembro de 2019 nas 303 empresas da mostra.

Por sectores, a previsión de realizar despedimentos acada o 25,5% entre as empresas das artes escénicas, mentres que se sitúa no 13,2% nas do audiovisual e multimedia. Como cabía esperar, o tamaño da empresa en función do número de empregados tamén é clave neste punto, pois a previsión de despedimentos fica no 5,8% nas empresas de 1 ou 2 traballadores mentres que oscila entre o 21,7% e o 27,4% nos restantes tramos. Finalmente, tamén se fai notar a clasificación en función da actividade durante o confinamento, pois a perspectiva de ter que acometer despedimentos nos vindeiros meses acada o 24,55 entre as que permaneceron pechadas fronte a cifras de arredor do 10,5% das que permaneceron activas.

Porcentaxe de empresas en que existe a posibilidade de redución do cadro de persoal con despedimentos

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 15,8 |
| Artes visuais | 18,5 |
| Artes escénicas | 25,5 |
| Audiovisual e multimedia | 13,2 |
| Total | 17,8 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 15,4 |
| De 50.000 a 149.999 € | 10,5 |
| De 150.000 a 499.999 € | 26,6 |
| 500.000 € ou máis | 17,2 |
| Total | 17,8 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 5,8 |
| De 3 a 5 empregados | 21,7 |
| De 6 a 10 empregados | 27,4 |
| Máis de 10 empregados | 23,6 |
| Total | 17,8 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 11,5 |



| | |
|----------------------|------|
| Si, de forma parcial | 9,1 |
| Non | 24,5 |
| Total | 17,8 |

Fonte: Elaboración propia

O 48,8% das empresas culturais de Galicia tiña previsto facer investimentos que non se chegaron a realizar a causa da pandemia da COVID-19: o 32% considéraos aprazados e o 16,8% restante xa os desbotou.

As empresas do sector audiovisual e multimedia son as que en maior medida aprazaron investimentos previstos antes da pandemia (o 44,7%, fronte ao 24,8% das empresas do sector de libros e prensa). As que puideron manter a súa actividade habitual durante o estado de alarma son as que en maior medida aprazaron investimentos (38,5%) e as que menos desbotaron os que tiñan previsto facer (9,6%).


Porcentaxe de empresas que aprazaron ou desbotaron investimentos previstos por causa da crise da COVID-19

| Sector | Aprazaron | Desbotaron |
|--|------------------|-------------------|
| Libros e prensa | 24,8 | 16,5 |
| Artes visuais | 34,6 | 17,3 |
| Artes escénicas | 37,3 | 17,6 |
| Audiovisual e multimedia | 44,7 | 15,8 |
| Total | 32,0 | 16,8 |
| Facturación no último ano dispoñible | | |
| Menos de 50.000 € | 36,9 | 23,1 |
| De 50.000 a 149.999 € | 32,6 | 14,0 |
| De 150.000 a 499.999 € | 26,6 | 16,0 |
| 500.000 € ou máis | 34,5 | 15,5 |
| Total | 32,0 | 16,8 |
| Número de empregados | | |
| 1 ou 2 empregados | 27,2 | 16,5 |
| De 3 a 5 empregados | 31,3 | 15,7 |
| De 6 a 10 empregados | 40,3 | 24,2 |
| Máis de 10 empregados | 32,7 | 10,9 |
| Total | 32,0 | 16,8 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | | |
| Si, a habitual | 38,5 | 9,6 |
| Si, de forma parcial | 25,0 | 17,0 |
| Non | 33,7 | 19,0 |
| Total | 32,0 | 16,8 |

Fonte: Elaboración propia

Cando se someteu a valoración o apoio prestado polos diferentes niveis da Administración, ningunha das tres administracións analizadas acadou o aprobado entre as empresas culturais. En todo caso, establécense diferenzas relevantes entre elas pola cualificación media que obteñen. Dese xeito, a mellor puntuada é a Administración estatal, que logra un 4,54. En segundo lugar, e por debaixo do 4, sitúase a Administración autonómica galega (3,86 puntos). A Administración local, considerada en conxunto a municipal e a provincial, non pasa dos 3,12 puntos.

Valoración media do apoio das distintas administracións que recibiron as empresas



Fonte: Elaboración propia

O apoio da Administración estatal é o mellor puntuado na maior parte dos segmentos determinados polo sector. As únicas excepcións son as que ofrecen as empresas con maior facturación (500.000 euros en diante) e maior número de empregados (máis de 10), así como as que puideron manter a actividade habitual durante o estado de alarma. Estes tres segmentos puntúan mellor o apoio da Administración autonómica.

As puntuacións á Administración do Estado destacan no ámbito dos libros e prensa e nas artes visuais (un 4,8 en ambos os casos) mentres que baixan do 4 nas artes escénicas (3,9), e son máis elevadas canto menor é o número de traballadores (as cualificacións medias pasan do 4,22 das que pecharon 2019 con máis de 10 ao 4,73 das que tiñan só 1 ou 2). Finalmente, as empresas que durante o estado de alarma tiveron unha actividade parcial puntúan o apoio

estatal cun 4,91, fronte ao 3,73 que lle conceden as que puideron ter unha actividade habitual.

Valoración media do apoio que recibiron as empresas da Administración do Estado

| Sector | Valoración media |
|--|------------------|
| Libros e prensa | 4,81 |
| Artes visuais | 4,84 |
| Artes escénicas | 3,88 |
| Audiovisual e multimedia | 3,97 |
| Total | 4,54 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 4,18 |
| De 50.000 a 149.999 € | 4,48 |
| De 150.000 a 499.999 € | 4,87 |
| 500.000 € ou máis | 4,52 |
| Total | 4,54 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 4,73 |
| De 3 a 5 empregados | 4,65 |
| De 6 a 10 empregados | 4,36 |
| Máis de 10 empregados | 4,22 |
| Total | 4,54 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 3,73 |
| Si, de forma parcial | 4,91 |
| Non | 4,59 |
| Total | 4,54 |

Fonte: Elaboración propia

O apoio da Administración galega foi mellor valorado polas empresas dos sectores do libro e prensa e as artes visuais (4,07 e 4,51, respectivamente, en claro contraste co 2,79 que lle conceden as das artes escénicas). Tamén obtivo mellor puntuación media das empresas dos dous treitos máis elevados da facturación, de 150.000 a 499.999 euros (4,22) e de 500.000 euros en diante (4,94). O apoio da Administración autonómica obtivo un 3,36 por parte das empresas con menor volume de empregados (fronte ao 4,30 das que pecharon 2019 con entre 3 e 5 empregados ou con máis de 10). Ademais, o cruzamento por situación da actividade durante o estado de alarma achega a peor valoración da man das empresas que tiveron que permanecer inactivas (3,34, en claro

contraste co 4,50 das que tiveron unha actividade parcial ou o 4,35 das que tiveron a actividade habitual).

**Valoración media do apoio que recibiron as empresas
da Administración autonómica**

| Sector | Valoración media |
|--|-------------------------|
| Libros e prensa | 4,07 |
| Artes visuais | 4,51 |
| Artes escénicas | 2,79 |
| Audiovisual e multimedia | 3,40 |
| Total | 3,86 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 3,23 |
| De 50.000 a 149.999 € | 3,21 |
| De 150.000 a 499.999 € | 4,22 |
| 500.000 € ou máis | 4,94 |
| Total | 3,86 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 3,36 |
| De 3 a 5 empregados | 4,30 |
| De 6 a 10 empregados | 3,72 |
| Máis de 10 empregados | 4,30 |
| Total | 3,86 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 4,35 |
| Si, de forma parcial | 4,50 |
| Non | 3,34 |
| Total | 3,86 |

Fonte: Elaboración propia

A Administración local recolle puntuacións medias inferiores ao 4 en todos os segmentos da análise e son os valores máis baixos os que lle outorgan as empresas do sector das artes escénicas (2,39), as máis pequenas en termos de facturación (2,42) ou as que non puideron estar activas durante o estado de alarma (2,92). Só supera o 3,5 entre as pertencentes ás artes visuais e as que facturaron máis de 500.000 €, pero tamén entre estas son as peor valoradas.



**Valoración media do apoio que recibiron as empresas das administracións locais
(concellos, deputacións)**

| Sector | Valoración media |
|--|-------------------------|
| Libros e prensa | 3,00 |
| Artes visuais | 3,80 |
| Artes escénicas | 2,39 |
| Audiovisual e multimedia | 3,13 |
| Total | 3,12 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 2,42 |
| De 50.000 a 149.999 € | 3,15 |
| De 150.000 a 499.999 € | 3,16 |
| 500.000 € ou máis | 3,76 |
| Total | 3,12 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 3,16 |
| De 3 a 5 empregados | 3,27 |
| De 6 a 10 empregados | 2,70 |
| Máis de 10 empregados | 3,33 |
| Total | 3,12 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 2,93 |
| Si, de forma parcial | 3,61 |
| Non | 2,92 |
| Total | 3,12 |

Fonte: Elaboración propia

Previsións de evolución do sector cultural

O 58,1% das empresas do sector cultural son pesimistas sobre a evolución do seu negocio a curto prazo, pois consideran que nos vindeiros meses estarán peor que a comezos do 2020. Unha de cada catro cre que estarán igual que a principios de ano e só un 8,6% aposta por unha mellora en relación con esta data. É máis, o 43,2% das empresas do sector non espera que a situación se recupere ata que pasen cando menos máis de 12 meses.



Estimación da situación dos negocios nos vindeiros meses

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|---|----------------|--------------|
| Estará mellor | 26 | 8,6 |
| Estará igual | 78 | 25,7 |
| Non sabe como estará | 23 | 7,6 |
| Peor / Mellorará cando pasen de 6 a 12 meses | 27 | 8,9 |
| Peor / Mellorará cando pasen máis de 12 meses | 131 | 43,2 |
| Peor / Non sabe cando mellorará | 18 | 5,9 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Se se observan de forma agregada as respostas das empresas que non ven unha mellora nos próximos meses, pódese comprobar que, novamente, as empresas do sector das artes escénicas son as máis pesimistas sobre a evolución do seu sector (cun 66,7%), se ben esta percepción é maioritaria en todos os sectores e unicamente no do audiovisual e multimedia se sitúa por debaixo do 50% (44,7%), xa que neste segmento un 42,1% considera que estarán mellor (7,9%) ou igual (34,2%) a final deste ano que a principios del.

Estas tendencias observadas na análise da agregación das respostas negativas aprécianse de forma aínda máis notoria cando se ten en conta a categoría máis pesimista, a que a estima que a recuperación tardará máis dun ano en chegar. Esa resposta é achegada polas empresas do sector das artes escénicas de forma aínda máis destacada respecto dos demais sectores (58,8%, fronte a un 34,2% no audiovisual), o que tamén acontece coas que estiveron inactivas durante o estado de alarma (50,9% fronte a un 26,9% das que mantiveron a actividade habitual).

Estimación da situación dos negocios nos vindeiros meses por sector de actividade


| | Libros e prensa | Artes visuais | Artes escénicas | Audiovisual e multimedia | Total |
|---|-----------------|---------------|-----------------|--------------------------|-------|
| Estará mellor | 8,3 | 7,4 | 11,8 | 7,9 | 8,6 |
| Estará igual | 21,8 | 33,3 | 17,6 | 34,2 | 25,7 |
| Non sabe como estará | 9,8 | 3,7 | 3,9 | 13,2 | 7,6 |
| Peor / Mellorará cando pasen de 6 a 12 meses | 9,0 | 13,6 | 3,9 | 5,3 | 8,9 |
| Peor / Mellorará cando pasen máis de 12 meses | 42,1 | 39,5 | 58,8 | 34,2 | 43,2 |
| Peor / Non sabe cando mellorará | 9,0 | 2,5 | 3,9 | 5,3 | 5,9 |

Fonte: Elaboración propia

Por outro lado, comprobouse que a percepción negativa é máis habitual entre as empresas que non puideron estar activas durante o estado de alarma (63,2%, fronte ao 44,2% das que tiveron a actividade habitual).

Dada a situación descrita ata o momento, non é de estrañar que un 11,9% das empresas do sector cultural galego estean barallando a posibilidade de proceder ao peche empresarial nos próximos meses, porcentaxe que se podería engadir ao 6,3% que non responde a esta cuestión, e que, por tanto, non descarta totalmente ter que acudir a esta drástica medida.

Porcentaxe de empresas que consideran a posibilidade de ter que proceder ao peche



Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos pon de manifesto que tipos de empresas están a sufrir unha maior vulnerabilidade. É o caso das empresas das artes escénicas . Contemplan a posibilidade de pechar o 27,5% delas, porcentaxe que non pasa do 12,3% nos demais sectores e que fica no 6% no caso do sector de libros e prensa, se ben entre estas últimas se atopa un 8,3% que non responde a esta cuestión.

O cruzamento por facturación amosa que ningunha das empresas con cando menos medio millón de euros de facturación valora pechar nese prazo, o que si o teñen en conta entre o 12,3% e o 18,6% das que se atopan en treitos inferiores de facturación. Se se agregan as porcentaxes

das empresas que recoñecen abertamente contemplar esa posibilidade coas das que non saben que responder a esta cuestión, compróbase que a porcentaxe resultante rolda o 25% nos dous treitos de menos de 150.000€.

Como cabía esperar polo observado ata este momento, son as empresas que tiveron que permanecer inactivas durante o estado de alarma as que en maior medida poden chegar a pechar no vindeiro medio ano (16,6%, fronte ao 5,8% e o 6,8% das que tiveron actividade normal ou parcial).

Porcentaxe de empresas que consideran a posibilidade de ter que proceder ao peche empresarial

| Sector | Porcentaxe |
|--|-------------------|
| Libros e prensa | 6,0 |
| Artes visuais | 12,3 |
| Artes escénicas | 27,5 |
| Audiovisual e multimedia | 10,5 |
| Total | 11,9 |
| Facturación no último ano dispoñible | |
| Menos de 50.000 € | 12,3 |
| De 50.000 a 149.999 € | 18,6 |
| De 150.000 a 499.999 € | 12,8 |
| 500.000 € ou máis | 0,0 |
| Total | 11,9 |
| Número de empregados | |
| 1 ou 2 empregados | 11,7 |
| De 3 a 5 empregados | 10,8 |
| De 6 a 10 empregados | 14,5 |
| Máis de 10 empregados | 10,9 |
| Total | 11,9 |
| Mantivo a actividade durante o estado de alarma | |
| Si, a habitual | 5,8 |
| Si, de forma parcial | 6,8 |
| Non | 16,6 |
| Total | 11,9 |

Fonte: Elaboración propia

As previsións pesimistas tamén prevalecen cando se lles pregunta pola evolución, non xa de cada empresa, senón do sector en que esta se insire pois, mentres que o 26,7% das empresas cre que en seis meses o sector estará algo ou moito mellor, a porcentaxe das

que cren que estará algo ou moito peor acada o 45,9%. Neste punto cabe sinalar que esta porcentaxe é inferior ao 58,1% recollido cando se preguntaba pola evolución da propia empresa, polo que as perspectivas de recuperación son negativas dende a óptica do sector, pero aínda peores dende a óptica individual das empresas participantes na enquisa.

**Estimación da situación do sector ao que pertence
cada empresa nos vindeiros meses**

| | Nº de empresas | Porcentaxe |
|------------------------|----------------|------------|
| Moito mellor que agora | 3 | 1,0 |
| Algo mellor que agora | 78 | 25,7 |
| Igual que agora | 59 | 19,5 |
| Algo peor que agora | 90 | 29,7 |
| Moito peor que agora | 49 | 16,2 |
| Ns/Nc | 24 | 7,9 |
| Total | 303 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia

Se as crises poden ser entendidas como oportunidades para a introdución de cambios positivos, tamén as empresas da cultura galega poden estar observando na situación actual a existencia de fiestras de oportunidade para tirar proveito de medidas que ofrezan vantaxes no futuro. En todo caso, cómpre advertir que 3 de cada 10 non ven ningunha oportunidade e o 17,2% non sabe que responder ao respecto.

Entre as que si ven oportunidades destaca o 17,5% que prevé que a crise provocada pola COVID-19 axude a acelerar a dixitalización do seu sector, así como o 15,2% que cre que se producirá maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas; en terceiro lugar, un 12,9% considera que se impulsará a colaboración, as alianzas e as concentracións empresariais; e, en cuarto, o 12,3% cre que aumentará o consumo dos produtos do sector.

Entre as demais oportunidades identificadas foron citadas cando menos polo 10% das empresas cuestións como a mellora no funcionamento interno das empresas (11,9%) e o incremento da produtividade (11,6%). A menos citada foi o impulso ás medidas de conciliación cun 7,9%.



Oportunidades que se poden presentar nos distintos sectores de actividade das empresas culturais

| | Porcentaxe |
|--|------------|
| Aceleración da dixitalización no seu sector | 17,5 |
| Maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas | 15,2 |
| Impulso á colaboración, alianzas e/ou concentracións empresariais | 12,9 |
| Aumento do consumo/demanda de produtos do seu sector | 12,3 |
| Melloras no funcionamento interno das empresas e incremento da produtividade | 11,9 |
| Incremento da profesionalización do sector | 11,6 |
| Máis espazo para a creatividade e a imaxinación | 9,6 |
| Impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (teletraballo, flexibilidade horaria...) | 7,9 |
| Ningunha oportunidade | 30,8 |
| Outras | 4,3 |
| Ns/Nc | 17,2 |

Fonte: Elaboración propia

A análise segmentada permite comprobar que a previsión de que esta crise non ofrecerá ningunha oportunidade positiva é a resposta máis habitual entre as empresas dos catro sectores, aínda que destaca entre as empresas das artes escénicas (35,3% fronte a un +/-30% nos restantes sectores).

Oportunidades que se poden presentar para as empresas culturais por sectores de actividade

| Oportunidades | Libros e prensa | Artes visuais | Artes escénicas | Audiovisual e multimedia |
|--|-----------------|---------------|-----------------|--------------------------|
| Aceleración da dixitalización no seu sector | 15,9 | 23,5 | 13,7 | 15,8 |
| Maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas | 15,2 | 16,0 | 21,6 | 5,3 |
| Impulso á colaboración, alianzas e/ou concentracións empresariais | 14,4 | 11,1 | 13,7 | 10,5 |
| Aumento do consumo / demanda de produtos do seu sector | 12,1 | 13,6 | 5,9 | 18,4 |
| Melloras no funcionamento interno das empresas e incremento da produtividade | 14,4 | 13,6 | 5,9 | 7,9 |
| Incremento da profesionalización do sector | 9,8 | 16,0 | 15,7 | 2,6 |
| Máis espazo para a creatividade e a imaxinación | 10,6 | 9,9 | 9,8 | 5,3 |
| Impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (teletraballo, flexibilidade horaria...) | 6,8 | 11,1 | 5,9 | 7,9 |

| | | | | |
|-----------------------|------|------|------|------|
| Ningunha oportunidade | 29,5 | 29,6 | 35,3 | 31,6 |
| Outras | 4,5 | 3,7 | 5,9 | 2,6 |
| Ns/Nc | 22,7 | 14,8 | 9,8 | 13,2 |

Fonte: Elaboración propia

Entre as oportunidades detectadas pódese resaltar a aceleración da dixitalización segundo as empresas das artes visuais (23,5%) e, especialmente, entre as que mantiveron a súa actividade habitual durante o estado de alarma (32,7%).

As empresas vinculadas ás artes escénicas e as de menor volume de facturación destacan como as que en maior medida agardan unha maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas (21,6% e 27,7% respectivamente).

No relativo ao aumento do consumo ou maior demanda de produtos do seu sector, cómpre sinalar que o audiovisual é o ámbito que en maior medida percibe esta oportunidade, cun 18,4% de mención, en claro contraste co 5,9% que percibe esta posibilidade entre as empresas das artes escénicas.

En canto á mellora do funcionamento interno e da produtividade, as maiores porcentaxes de mención recóllense entre as empresas do libro e prensa e as das artes visuais (14,4% e 13,6%, respectivamente); e, en función da súa actividade durante o estado de alarma, entre as que permaneceron abertas cunha actividade habitual ou parcial (cun +/-18%, que contrasta claramente co 6,2% recollido entre as que non tiveron actividade).

O papel das administracións está a resultar fundamental na supervivencia de moitas empresas ao longo desta crise. Para coñecer de que maneira poderían axudar máis e mellor ás empresas do sector cultural galego, preguntóuselles directamente aos potenciais destinatarios destas accións que tipo de medidas por parte das administracións consideran máis necesarias para reactivar o sector. As axudas directas ou as subvencións a fondo perdido son as máis demandadas (45,2%). A supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais ocupan a segunda posición (40,9%) e, con case idéntica porcentaxe de mencións, sitúanse en terceiro lugar as axudas fiscais, como bonificacións ou deducións (40,5%).

Tras as tres medidas citadas, que encabezan esta listaxe de actuacións e destacan claramente sobre as demais, sitúanse outras tres medidas con porcentaxes de apoio superiores ao 20%: a flexibilización e rapidez das axudas (31,2%), o aprazamento no pago de impostos e seguros sociais (26,6%) e o incremento do gasto público en produtos e servizos culturais, como libros, cine, televisión, concertos, teatro... (22,9%).

Pechan a listaxe das opcións ofrecidas nesta variable a flexibilización do mercado laboral (14%), a reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros (13,6%) e o incremento da cabida permitida nas salas de concertos, teatros, cines... (7%).

**Medidas que se consideran necesarias para reactivar
o sector de actividade de cada empresa**

| | Porcentaxe |
|---|------------|
| Axudas directas/subvencións a fondo perdido | 45,2 |
| Supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais | 40,9 |
| Axudas fiscais (bonificacións/deducións) | 40,5 |
| Flexibilización e rapidez das axudas | 31,2 |
| Aprazamento no pagamento de impostos e seguros sociais | 26,6 |
| Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (libros, cine, TV, concertos, teatro etc.) | 22,9 |
| Flexibilización do mercado laboral | 14,0 |
| Reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros | 13,6 |
| Incremento da cabida permitida nas salas de concerto, teatros, cines etc. | 7,0 |
| Outra/s | 5,6 |
| Ns/Nc | 15,3 |

Fonte: Elaboración propia

As distintas circunstancias que están a afrontar os sectores en que se clasifican as empresas da cultura galega fan que tamén requiran medidas de apoio diferentes. Así o pon de manifesto a análise segundo o sector de actividade. Pola súa especial problemática nesta crise, as empresas das artes escénicas destacan na demanda de boa parte das medidas observadas.

Máis polo miúdo comprobouse que a solicitude de axudas directas ou subvencións a fondo perdido só baixa do 40% no sector de libros e prensa (38,9%), mentres que acada o 62,7% nas artes

escénicas. Neste punto tamén se establece unha clara relación co feito de ter mantido ou non a actividade durante o confinamento (34,4% entre as que mantiveron a habitual fronte ao 51,9% entre as que pecharon).

As empresas das artes escénicas son tamén as que máis citan como necesarias a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (47,1%). Por volume de facturación, observouse que esta medida supera o 42% nos dous treitos de menos de 150.000 € e sitúase no 35,1% nas que presentan unha facturación superior ao medio millón de euros.

A mención das axudas fiscais increméntase conforme o fai o nivel de facturación, presentando un claro salto na porcentaxe de mención entre os dous treitos inferiores (+/-36%) e os dous superiores (43,6% e 47,4%).

Na demanda de flexibilización e rapidez das axudas volve destacar o ámbito das artes escénicas cun 39,2%, porcentaxe que se sitúa uns 10 puntos porcentuais por riba dos restantes sectores.

A mención do aprazamento no pago de impostos e seguros sociais rolda o 30% entre as empresas que viron limitada a súa actividade durante o confinamento e as que directamente optaron por pechar nese período, mentres que entre as que mantiveron a súa actividade habitual esta cifra é do 15,4%.

Tamén na demanda dun incremento do gasto público nos produtos e servizos culturais se atopa a maior porcentaxe de mención entre as empresas das artes escénicas (37,3%, en especial contrate co 13,6% recollido nas artes visuais), pero nesta medida outras dúas segmentación presentan notables diferenzas, mostrando que esta medida é especialmente demandada polas empresas de maior tamaño tanto en volume de facturación (33,3% nas de máis de medio millón de facturación) como por volume de empregados (33,9% na de 6 a 10, e 37% nas de máis de 10 mentres rolda o 15% nos dous tramos de 5 ou menos).

A flexibilización do mercado laboral presenta mellores cifras entre as empresas do treito máis alto de facturación (21,1%) así como nos dous de maior volume de empregados, especialmente no de 6 a 10 (24,2%), porcentaxe que nos dous tramos de 5 ou menos empregados rolda o 10%. Nesta demanda destaca o sector dos libros e prensa cun 20,6% de mención, cando nos restantes oscila entre o 5,3% e o 11,8%. Finalmente, como cabía esperar, as artes escénicas son as que en maior medida

solicitan a reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros (25,5%) e o incremento da cabida permitida nas salas de concerto, teatros, cines... (19,6%).

Medidas que se consideran necesarias para reactivar o sector de cada empresa por sectores de actividade

| Medidas | Libros e prensa | Artes visuais | Artes escénicas | Audiovisual e multimedia |
|---|-----------------|---------------|-----------------|--------------------------|
| Axudas directas / subvencións a fondo perdido | 38,9 | 45,7 | 62,7 | 42,1 |
| Supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais | 40,5 | 37 | 47,1 | 42,1 |
| Axudas fiscais (bonificacións / deducións) | 38,9 | 46,9 | 45,1 | 26,3 |
| Flexibilización e rapidez das axudas | 31,3 | 27,2 | 39,2 | 28,9 |
| Aprazamento no pagamento de impostos e seguros sociais | 25,2 | 25,9 | 25,5 | 34,2 |
| Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (libros, cine, TV, concertos, teatro etc.) | 22,9 | 13,6 | 37,3 | 23,7 |
| Flexibilización do mercado laboral | 20,6 | 8,6 | 11,8 | 5,3 |
| Reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros | 13,7 | 9,9 | 25,5 | 5,3 |
| Incremento da cabida permitida nas salas de concerto, teatros, cines etc. | 6,1 | 3,7 | 19,6 | 0 |
| Outra/s | 3,8 | 4,9 | 3,9 | 15,8 |
| Ns/Nc | 19,8 | 17,3 | 5,9 | 7,9 |

Fonte: Elaboración propia

A metade das empresas culturais de Galicia considera que tras esta crise non haberá cambios na percepción social do seu sector, ao tempo que o 27,1% cre que esa percepción mellorará (o 23,1% considera que será algo mellor valorado e o 4% que será moito mellor valorado). Fronte a estes, un 18,2% sosteñen que o sector cultural será menos valorado (un 12,9% cre que "algo menos" e un 5,3% que "moito menos").



Posible percepción do sector cultural tras a crise

| | Porcentaxe |
|---------------------------|------------|
| Será moito máis valorado | 4,0 |
| Será algo máis valorado | 23,1 |
| Permanecerá igual | 50,2 |
| Será algo menos valorado | 12,9 |
| Será moito menos valorado | 5,3 |
| Ns/Nc | 4,6 |

Fonte: Elaboración propia

Conclusións

Un 48,5% das empresas culturais galegas tivo que cesar a súa actividade a causa do estado de alarma. A esta cifra hai que lle engadir o 5,3% que tivo que facelo por causas técnicas ou produtivas, o que deu lugar a un 53,8% de empresas inactivas. Só o 43,9% das empresas culturais puideron manter a actividade durante o período de confinamento. Entre as que seguiron en funcionamento, só o 17,2% mantivo a actividade habitual e o 29% unha actividade parcial.

No sector das artes escénicas, que inclúe as actividades de teatro e música, as salas de espectáculos e actividades auxiliares, o 82,4% estivo inactivo. As empresas vinculadas ás artes visuais (publicidade, deseño, fotografía e creación artística) e ao audiovisual e multimedia (actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión e comercio de produtos audiovisuais) foron as que en maior medida puideron manter a súa actividade habitual, pero incluso entre estas esa porcentaxe fica por debaixo do 28%. Esta parálise temporal imposta polo decreto afectou en maior medida canto menor era o volume de facturación das empresas. O número de empresas que mantivo unha actividade normal non é estatisticamente significativo.

O 38,6% das empresas da cultura solicitaron un ERTE, con maior frecuencia nas artes escénicas e no sector do libro e a prensa (artes gráficas e actividades de impresión, edición e creación literaria e comercio de libros e prensa). Tamén foi máis habitual entre as de maior volume de facturación e maior número de empregados así como entre as que estiveron inactivas no estado de alarma. Nove de cada dez solicitudes de

ERTE tramitadas polas empresas culturais galegas recibiron unha resposta positiva da Administración xeral do Estado.

Unha vez superado o estado de alarma, no momento da realización da enquisa só desenvolve unha actividade normal o 43,2% das empresas culturais galegas, mentres que un 7,6% permanece completamente inactivo. Esta porcentaxe de empresas con actividade normal agocha unha importante diferenza entre as do sector das artes escénicas (onde só o 21,6% está nesa situación) e as dos outros tres sectores. De feito, entre as empresas das artes escénicas un 29,4% segue inactivo, porcentaxe que nos demais sectores non chega nin ao 4%. A porcentaxe de empresas que continúan inactivas é especialmente elevada entre as de menor volume de facturación (18,5%) e entre as que permaneceron pechadas durante o confinamento (14,1%)

O 37,3% das empresas empregou o teletraballo nalgún momento e o 30% conta actualmente con algún persoal nesa situación. Entre os que responden negativamente a esta cuestión, a causa máis sinalada é que o teletraballo non é viable dada a actividade da empresa (así o indica o 44,2%). Por sectores, conta con persoal en teletraballo o 50% das empresas do audiovisual e multimedia, fronte ao 14,3% do sector de libros e prensa. A baixa incidencia neste sector explícase polo peso que teñen na mostra os establecementos de venda de libros e prensa. Esta práctica laboral é máis habitual nas empresas con maior facturación, nas que teñen máis de 5 traballadores e nas que mantiveron a actividade durante o estado de alarma. O 65,5% das empresas con algún persoal en teletraballo considera esta experiencia en termos positivos e o 44,3% cre que esta modalidade permanecerá máis alá da crise sanitaria.

O 60,7% das empresas culturais de Galicia sufriu a raíz da COVID-19 unha redución de máis do 50% da facturación nestes primeiros meses do ano e só o 5,6% das empresas do sector afirma que non sentiu ningunha influencia negativa da pandemia sobre o seu volume de facturación ata ese momento. Para o 37,6% esta redución foi mesmo superior ao 75%, porcentaxe que se duplica entre as empresas das artes escénicas (78,4%), mentres que se

.....

mantén en arredor do 33%-34% nos sectores das artes visuais e no audiovisual e multimedia e no 25,6% no dos libros e prensa. Esa intensa caída nos ingresos é máis habitual canto menor é a empresa en termos de facturación e está claramente relacionada cos niveis de actividade mantidos ao longo do estado de alarma.

Xunto coas baixadas de facturación consolidadas, a enquisa recolleu información tamén sobre as estimacións para o que resta do ano e a mingua esperada na facturación do total do exercicio. A meirande parte das empresas da cultura galega prevé caídas de entre o 26% e o 50% (29,4%) ou de entre o 51% e o 75% (27,4%). Minguarían a súa facturación en máis do 75% un 16,2%. Todos os sectores da cultura presentan porcentaxes superiores ao 35% de empresas que agardan descensos de máis do 50% no seu volume de facturación anual, se ben comprobamos unha vez máis como é no sector das artes escénicas onde se producirá o maior impacto, pois o 68,5% estima rebaixas de máis do 50% da súa facturación (nos outros sectores esta cifra oscila entre o 36% e o 42%). Obsérvase tamén que as empresas con volumes de facturación por debaixo dos 150.000 euros agardan maiores reducións que as que superan esa cifra. Tamén en función do volume de empregados podemos apreciar como as caídas de facturación por riba do 50% serán máis frecuentes nas empresas máis pequenas e naquelas que permaneceron pechadas durante o estado de alarma.

Ordenados de maior e menor incidencia, o problema máis habitual que deben afrontar as empresas da cultura galega é o cesamento ou caída da actividade dos clientes e o conseguinte descenso na demanda (81,5%). O segundo máis frecuente é un problema de tesouraría (53,1%) e o terceiro está na dificultade para pagar impostos e seguros sociais (39,3%). Tras estes tres sitúanse os problemas cos provedores, pola imposibilidade destes de entregar subministracións ou prover dos servizos que viñan prestando (30%), os problemas de distribución (28,7%) e os de financiamento (25,1%), como préstamos, bancos etc. Pechan a listaxe, afectando a menos do 25% das empresas, os derivados das limitacións de cabida (21,8%), a inseguridade xurídica (19,8%) e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene (13,5%). A análise por segmentos pon de manifesto que as empresas do sector das artes escénicas son nesta ocasión tamén as máis afectadas pola meirande parte

destes problemas, destacando comparativamente as limitacións de cabida.

O 9,2% das empresas culturais de Galicia viuse obrigado a realizar despedimentos. O máis habitual foi despedir 1 ou 2 persoas (o 64,3% das que efectuaron despedimentos) pero tamén atopamos un 10,7% que despediu máis de 10 persoas. Isto permite calcular que se despediu ao 6,6% do total do persoal que tiña contrato en vigor na data do 31 de decembro de 2019. Ademais, prevé facer máis recortes de persoal nos vindeiros meses o 17,8% das empresas. En función das previsións indicadas, podemos calcular que as empresas culturais barallan despedir o 9,4% do total do persoal que tiña contrato antes da chegada da crise. Por sectores, a previsión de realizar despedimentos acaba o 25,5% entre as empresas das artes escénicas, mentres que se sitúa no 13,2% nas do audiovisual e multimedia. O tamaño da empresa en función do número de empregados e empregadas tamén é relevante, pois a previsión de despedimentos fica no 5,8% nas empresas de 1 ou 2 traballadores mentres que oscila entre o 21,7% e o 27,4% nos restantes tramos.

O 48,8% das empresas culturais de Galicia tiña previsto investimentos que non se chegaron a realizar a causa da pandemia da COVID-19. O 32% considéraos aprazados e o 16,8% restante xa os desbotou.

As empresas culturais suspenden aos tres niveis da Administración pública (estatal, autonómico e local) no referente ao apoio prestado ao sector para facer fronte ás consecuencias da COVID-19. En todo caso, establécense diferenzas relevantes na valoración media obtida por cada unha delas. A mellor puntuada é a estatal (que logra un 4,54), en segundo lugar está a Administración autonómica galega (3,86 puntos), mentres que a local, considerada en conxunto a municipal e a provincial, non pasa dos 3,12 puntos. O apoio da Administración estatal é o mellor puntuado na meirande parte dos segmentos determinados polo sector. As únicas excepcións son as que ofrecen as empresas con maior facturación (500.000 euros en diante) e maior número de empregados (máis de 10), así como as que puideron manter a

actividade habitual durante o estado de alarma. Estes tres segmentos puntúan mellor o apoio da Administración autonómica.

O 58,1% das empresas do sector cultural son pesimistas sobre a evolución do seu negocio a curto prazo, pois consideran que nos vindeiros meses estarán peor que a comezos do 2020. O 43,2% non espera que a situación se recupere ata que pasen cando menos máis de 12 meses. De feito, un 11,9% das empresas enquisadas está barallando a posibilidade de proceder ao peche empresarial nos próximos meses, porcentaxe á que se podería engadir o 6,3% das que non responden a esta cuestión e que, polo tanto, non descartan totalmente a posibilidade desta medida. No caso das empresas das artes escénicas, contemplan a posibilidade de pechar o 27,5% delas. Tamén son máis pesimistas as que contan cunha facturación de menos de 150.000 euros e as que tiveron que parar a actividade no confinamento.

As previsións negativas tamén prevalecen cando preguntamos pola evolución do sector, pois mentres o 26,7% cre que en seis meses estará algo ou moito mellor, a porcentaxe das que cren que estará algo ou moito peor acada o 45,9%. Se comparamos esta porcentaxe co 58,1% recollido cando se preguntaba pola evolución da propia empresa, podemos concluír que as perspectivas de recuperación son negativas dende a óptica do sector, pero aínda peores dende a óptica individual das empresas participantes na enquisa. Por sectores os máis optimistas son os empresarios das artes visuais e os máis pesimistas son os das artes escénicas.

En relación con esta visión, o 30% das empresas culturais de Galicia non cre que esta crise ofrezca ningunha oportunidade de futuro. As que si detectan fiestras de oportunidade destacan: a aceleración da dixitalización do sector (segundo o 17,5% das empresas); a maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas (15,2%); o impulso á colaboración, ás alianzas e ás concentracións empresariais (12,9%); o aumento do consumo dos produtos do sector (12,3%); a mellora no funcionamento interno das empresas (11,9%) e o incremento da profesionalización (11,6%).

Ao preguntarlles ás empresas culturais galegas que tipo de medidas cren que deberían adoptar as administracións públicas para reactivar o

.....

sector, as máis citadas son as axudas directas ou as subvencións a fondo perdido (45,2%), seguidas da supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (40,9%) e das axudas fiscais, como bonificacións ou deducións (40,5%). Nun segundo chanzo desta particular escala, con porcentaxes de mención por riba do 20%, sitúanse medidas como a flexibilización e rapidez das axudas (31,2%), o aprazamento no pago de impostos e seguros sociais (26,6%) e o incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (22,9%). Pechan a listaxe actuacións como a flexibilización do mercado laboral (14%), a reactivación canto antes dos circuitos de concertos e teatros (13,6%) e o incremento da cabida permitida nas salas de concertos, teatros, cines... (7%).

A metade das empresas culturais de Galicia considera que tras esta crise non haberá cambios na percepción social do seu sector, ao tempo que o 27,1% cre que esa percepción mellorará.

Tal e como se pode comprobar, este primeiro “Barómetro da cultura galega” ofrece unha radiografía pormenorizada do que sucede nas empresas culturais galegas dende que empezou a crise do coronavirus. A gran cantidade de datos que se obteñen obriga a facer un traballo de síntese. Unha conclusión esperable era que o sector das artes escénicas está a ser o máis prexudicado en case todos os aspectos. Tamén se atopan nunha situación especialmente delicada as empresas máis pequenas, independentemente do sector cultural no que se clasifiquen. En xeral, as medidas decretadas pola crise da COVID-19 afectaron á gran maioría das empresas culturais e hoxe en día aínda máis da metade non puido recuperar a súa actividade normal. Probablemente pola grande incidencia de pequenos negocios e establecementos abertos ao público, para a maioría das empresas culturais o teletraballo non é unha opción viable. Iso si, as que poden implementalo están satisfeitas e contemplan mantelo.

A gravidade da situación pódese resumir en tres indicadores. Ao 6% de traballadoras e traballadores das empresas que compoñen a mostra que xa foron despedidos, hai que engadir outro 10% que pode perder o seu emprego nos vindeiros meses. Catro de cada dez empresas culturais terán dificultades mesmo



para pagar impostos e seguros sociais. 6 de cada 10 empresas experimentaron unha caída da facturación do 50% ou máis.

Con todo, a pesar do dito, 8 de cada 10 empresarios non contemplan pechar o negocio, pese a que entenden que a recuperación non vai ser inmediata e que precisarán cando menos dun ano e dun apoio decidido da Administración en forma de axudas e rebaixas de impostos.